



### Proxecto

## Rede de Inovação e Desenvolvimento Tecnológico Agro-Alimentar Norte de Portugal / Galiza



**REAL**

### ANÁLISE ESTRATÉXICA DAS ACTIVIDADES EMPRESARIAIS AGROALIMENTARIAS EN GALICIA A PARTIR DE DATOS CUANTITATIVOS



EQUIPO DE INVESTIGACIÓN G4+  
UNIVERSIDADE DE VIGO  
Jorge González Gurriarán (dir.)  
Pedro Figueroa Dorrego (coord.)

30/05/2009



Invertimos en su futuro





**Equipo de investigación G4+ (Universidad de Vigo)**

UNIVERSIDADE  
DE VIGO  
Equipo G4plus de Análisis,  
Diagnóstico y Diseño Estratégico

**Jorge González Gurriarán (Director)**  
**Pedro Figueroa Dorrego (Coordinador)**

Miguel González Loureiro

José A. Tellería Couñago

Cristina Otero Alonso

Alba Valdés Rodríguez

Antonio Monteagudo Cabaleiro

## Síntese de contidos

|   |           |
|---|-----------|
| <b>1 OBXECTIVO E ALCANCE DA ANÁLISE ESTRATÉXICA.....</b>  | <b>6</b>  |
| <b>2 VISIÓN DE CONXUNTO DAS PRINCIPALES MAGNITUDES DAS ACTIVIDADES EMPRESARIAIS AGROALIMENTARIAS DE GALICIA .....</b> | <b>8</b>  |
| <b>3 A CADEA DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS DE AGROGANDERÍA E OS SEUS PRODUTOS TRANSFORMADOS.....</b>                    | <b>12</b> |
| <b>3.1 ACTIVIDADES EXTRACTIVAS: CULTIVOS E PRODUCÍONS AGROGANDEIRAS .....</b>   | <b>12</b> |
| <b>3.1.1     Actividades e producóns agrícolas.....</b>   | <b>12</b> |
| <b>3.1.2     Actividades e producóns gandeiras .....</b>  | <b>16</b> |
| <b>3.2 INDUSTRIA TRANSFORMADORA DE PRODUTOS AGROGANDEIROS .....</b>   | <b>19</b> |
| <b>4 A CADEA DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS DE PESCA-ACUICULTURA-MARISQUEO E PRODUTOS TRANSFORMADOS DO MAR.....</b>      | <b>33</b> |
| <b>4.1 ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA .....</b>  | <b>33</b> |
| <b>4.1.1     Pesca e marisqueo.....</b>   | <b>33</b> |
| <b>4.1.2     Acuicultura.....</b>   | <b>38</b> |
| <b>4.2 INDUSTRIA TRANSFORMADORA DE PRODUTOS DERIVADOS DO MAR .....</b>  | <b>43</b> |
| <b>5 PRINCIPALES DATOS DE COMERCIO EXTERIOR DAS ACTIVIDADES AGROALIMENTARIAS DE GALICIA .....</b>                     | <b>48</b> |
| <b>6 PRINCIPALES ASPECTOS XERAIS DAS ACTIVIDADES EMPRESARIAIS AGROALIMENTARIAS .....</b>                              | <b>59</b> |
| <b>7 FONTES DE INFORMACIÓN .....</b>  | <b>71</b> |

## ÍNDICE DE TÁBOAS E FIGURAS

|  |    |
|--|----|
| Figura 1. Importancia relativa das actividades de alimentación no conxunto de actividades industrias de Galicia (en porcentaxe sobre o valor da producción) Ano 2007 ..... | 8  |
| Táboa 1 Principais datos agregados das actividades agroalimentarias de Galicia .....   | 9  |
| Táboa 2 Principais datos agregados das actividades agroalimentarias de Galicia .....   | 10 |
| Táboa 3 Principais variables económico-financeiras para o conxunto de actividades agroalimentarias a partir dunha mostra de empresas da base de datos SABI (2007).....     | 11 |
| Táboa 4 Superficies por ha. en Galicia (2006/2008).....  | 13 |
| Táboa 5 Principais producións agrícolas (Tm) (2003-2006).....  | 13 |
| Táboa 6 Principais producións agrícolas de cultivos forraxeiros orientados á alimentación animal (2003-2006) .....   | 14 |
| Táboa 7 Unidades de Traballo ao Ano (UTA) e explotacións por tipo de traballo (2003-2007). ....  | 14 |
| Táboa 8 Número de explotacións de agricultura ecolólica en Galicia (2005-2007) .....   | 14 |
| Táboa 9 Empresas dedicadas á agricultura e gandería ecolólica en Galicia (2003-2006) .....   | 15 |
| Táboa 10 Producción de pataca en Galicia (2004-2005).....  | 15 |
| Táboa 11 Evolución das explotacións (con terras e sen terras) de gando en Galicia (2003-2005) .....  | 16 |
| Táboa 12 Cabezas de gando en Galicia (2004-2007).....  | 17 |
| Táboa 13 Producción de leite en Galicia (2003-2006).....   | 17 |
| Táboa 14 Producción de carne canal en Galicia (2004-2007) .....  | 17 |
| Táboa 15 Producción de ovos de galiña en Galicia (2003-2006) en miles de ducias .....  | 18 |
| Táboa 16 Número de apicultores, colmeas, envasadores e producción en kilogramos de mel (2004-2005).....  | 18 |
| Táboa 17 Cifras más significativas da industria agroalimentaria na comunidade autónoma de Galicia, por contas económicas ( 2003-2006) .....                                | 20 |
| Táboa 18 Número de empresas por actividade principal da industria de agricultura e gandería (grupos CNAE ). Anos 2005-2008 .....   | 21 |
| Táboa 19 Cifras dos principais indicadores da industria agrogandeira na comunidade autónoma de Galicia, por subsectores. Ano 2006 .....                                    | 22 |
| Táboa 20 Ratios más significativos da industria alimentaria na comunidade autónoma de Galicia, por subsectores. Ano 2006 .....   | 23 |
| Táboa 21 Producción de queixo en Galicia por denominación de orixe (2004-2005) .....   | 24 |
| Táboa 22 Principais datos por denominación de orixe de Rías Baixas (evolución 2003/2004 a 2005/2006).....  | 25 |
| Táboa 23 Principais datos por denominación de orixe de Ribeiro (evolución 2003/2004 a 2005/2006) ....  | 26 |
| Táboa 24 Principais datos por denominación de orixe de Ribeira Sacra (evolución 2003/2004 a 2005/2006).....  | 27 |
| Táboa 25 Principais datos por denominación de orixe de Valdeorras (evolución 2003/2004 a 2005/2006).....   | 28 |
| Táboa 26 Principais datos por denominación de orixe de Monterrei. (evolución 2003/2004 a 2005/2006).....   | 29 |
| Táboa 27 Visión global das actividades vinícolas de Galicia na campaña 2005/2006.....  | 30 |
| Táboa 28 Producción de augardente en Galicia (2004-2005) .....   | 31 |
| Táboa 29 Principais variables económico- financeiras dunha mostra de empresas das actividades empresariais de agricultura, gandería e os seus transformados (2007) .....   | 32 |
| Táboa 30 Principais datos das actividades de pesca extractiva, marisqueo e acuicultura en Galicia en 2007 .....  | 33 |
| Táboa 31 Evolución en Galicia do valor (miles de €) en primeira venda da pesca fresca capturada segundo a tipoloxía de portos (2002-2006) .....                            | 33 |
| Táboa 32 Evolución da pesca capturada (toneladas) en Galicia segundo a tipoloxía de portos (2002-2006).....  | 34 |
| Táboa 33 Evolución da pesca fresca por grandes grupos/especies en Galicia, 2005-2007.....  | 35 |
| Táboa 34 Lonxas más importantes de Galicia segundo o maior volume en kg, 2007 .....  | 36 |
| Táboa 35 Evolución da pesca fresca en Galicia por zonas de producción, 2005-2007 .....   | 37 |
| Táboa 36 Principais especies obtidas no marisqueo en Galicia en2007 .....  | 37 |
| Táboa 37 Evolución da producción das principais especies acuícolas de Galicia, 2005-2007 .....   | 38 |
| Táboa 38 Nº de instalacións acuícolas existentes en Galicia en 2007 .....  | 39 |

|   |    |
|---|----|
| Táboa 39 Evolución do número de establecementos acuícolas de Galicia, 2003-2007 .....   | 40 |
| Táboa 40 Evolución do emprego masculino en Galicia segundo o tipo de establecemento acuícola, (2003-2007) .....   | 41 |
| Táboa 41 Evolución do emprego feminino en Galicia segundo o tipo de establecemento acuícola, (2003-2007)).....  | 41 |
| Táboa 42 Evolución do persoal empregado en establecementos acuícolas en Galicia segundo tipoloxía de emprego (2003-2007) .....  | 42 |
| Táboa 43 Principais indicadores do sector conserveiro en Galicia, 2008 .....  | 43 |
| Táboa 44 Principais indicadores da industria de conxelados en Galicia, 2007 .....   | 43 |
| Táboa 45 Representatividade do sector conserveiro galego sobre o total nacional, 2008 .....   | 44 |
| Táboa 46 Producción española de conservas de pescados e mariscos por especie (2007-2008) .....  | 44 |
| Táboa 47 Evolución do número de empresas de Galicia segundo actividades do CNAE 152 “Elaboración e conservación de pescados e prod. a base de pescado”, 2004-2007.....    | 45 |
| Táboa 48 Evolución do número de asalariados de Galicia segundo actividades do CNAE 152 “Elaboración e conservación de pescados e prod. a base de pescado”, 2004-2007..... | 45 |
| Táboa 49 Cifras dos principais indicadores da industria de transformación de pescado de Galicia, 2007.....  | 46 |
| Táboa 50 Ratios más significativos da da industria de transformación de pescado de Galicia, 2007 .....  | 47 |
| Táboa 51 Principais variables económico- financeiras das actividades empresariais de pesca e transformados do mar en Galicia (2007).....                                  | 47 |
| Táboa 52 Exportacións e importacións galegas da Cadea de Agroalimentación (en miles de euros, anos 2008 e 2006) .....   | 49 |
| Figura 2 Exportacións, importacións e taxa de cobertura do total de agroalimentación de Galicia (2004-2008) .....   | 51 |
| Figura 3 Exportacións, importacións e taxa de cobertura da cadea agricultura, gandería e transformados de Galicia (2004-2008) .....                                       | 52 |
| Figura 4 Exportacións, importacións e taxa de cobertura da cadea pesca e transformados de Galicia (2004-2008) .....   | 53 |
| Táboa 53 Distribución por principais países das exportacións e importacións da industria agroalimentaria de Galicia (2006-2008) .....                                     | 54 |
| Táboa 54 Distribución por principais países das exportacións e importacións da cadea de agricultura, gandería e transformados de Galicia (2006-2008) .....                | 55 |
| Táboa 55 Distribución por principais países das exportacións e importacións da cadea de pesca e transformados de Galicia (2006-2008) .....                                | 56 |
| Táboa 56 Investimento exterior en Galicia na industria agroalimentaria (2001-2008) .....  | 57 |
| Táboa 57 Investimento galego no exterior na industria agroalimentaria (2001-2008) .....   | 57 |
| Táboa 58 Investimentos galegos no estranxeiro nas actividades de pesca e acuicultura por países de destino (euros, 2001-2008) .....                                       | 58 |
| Táboa 59 Evolución dos fogares, persoas e tamaño medio do fogar segundo composición e tipoloxía de fogar. España, 2005-2007 .....   | 59 |
| Táboa 60 Evolución dos fogares, persoas e tamaño medio do fogar segundo CC.AA., 2005-2007 .....   | 60 |
| Táboa 61 Evolución da estrutura do gasto total* por composición e tipoloxía de fogar dos grupos 1 e 2. España, 2005-2007 (%) .....  | 61 |
| Táboa 62 Evolución do gasto total do Grupo 1 (Alimentos e bebidas non alcohólicas) e Grupo 2 (Bebidas alcohólicas, tabaco e narcóticos) por CC.AA. 2005-2007 .....        | 62 |
| Táboa 63 Gasto total por tipoloxía de produtos segundo CC.AA. 2007 .....  | 63 |
| Táboa 64 Consumo e gasto per cápita dos fogares por tipoloxía de producto .Galicia, 2006-2008.....  | 64 |
| Táboa 65 Evolución da cota de mercado en fogares por canais de compra. España, 2001-2006.....   | 65 |
| Figura 5 Evolución da cota de mercado en fogares por canais de compra. España, 2001-2006.....   | 66 |
| Táboa 66 Evolución da cota de mercado en hostalaría – restauración por canais de compra. España, 2001-2006 .....  | 67 |
| Figura 6 Evolución da cota de mercado en hostalaría – restauración por canais de compra. España, 2001-2006 .....  | 68 |
| Táboa 67 Evolución do Índice de Prezos de Consumo nacional e galego (medias anuais), 2002-2008 .....  | 68 |
| Táboa 68 Evolución do Índice de Prezos de Consumo (medias anuais). Galicia, 2002-2008 .....   | 69 |
| Táboa 69 Cifras dos principais indicadores da industria alimentaria por CC.AA, 2007 .....   | 70 |

## 1 Obxectivo e alcance da análise estratéxica

O obxectivo fundamental deste documento é analizar os datos cuantitativos dispoñibles nas fontes secundarias sobre as actividades empresariais agroalimentarias de Galicia, realizando unha **análise estratéxica** derivada desta información dispoñible a nivel cuantitativo e cualitativo.

Segundo a **metodoloxía de cadeas de actividades empresariais**, a estrutura de actividades a considerar é a que se amosa na táboa seguinte, supeditada á información dispoñible a nivel estatístico de forma desagregada. A obtención de datos cuantitativos centrarse nas **actividades extractivas** (agricultura, gandería, pesca, marisqueo, acuicultura...) e **transformadoras** (industria de conservas, industria frigorífica e de conxelados, industria cárnica, industria láctea...) correspondentes á cadea de actividades empresariais de agrogandería e os seus produtos transformados e á cadea de actividades empresariais de pesca, acuicultura e os seus produtos transformados.

As fontes de información fundamentais son as **estatísticas oficiais** (INE, IGE, Anuarios...) e a Base de Datos SABI para a **análise económico financeira** das diversas actividades empresariais.

A táboa seguinte recolle de forma explícita as actividades consideradas, así como a súa estruturación.

| AGRUPACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS  | DETALLE DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS  |
|---|--|
| <b>CADEA DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS DE AGRO-GANDERÍA E OS SEUS TRANSFORMADOS</b>                       |  |
| Actividades extractivas agrogandeiras   | <p><u>Agricultura:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Produtos agrícolas para consumo humano (cereais gran, tubérculos, hortalizas, frutais...)</li> <li>• Viñedos</li> <li>• Produtos agrícolas para consumo animal: millo forraxeiro, nabo forraxeiro, coles e verzas forraxeiras</li> </ul> <p><u>Gandería:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cabanas gandeiras e producción de carne bovino, porcino, avícola, ovino/cabrún, cunicola e equino.</li> <li>• Cabanas gandeiras e producción de leite (vacún) e ovos (avícola)</li> </ul>  |
| Actividades da industria transformadora de produtos agrogandeiros                                       | <p><u>Produtos transformados da agricultura:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Industria de elaboración de bebidas (augas, viño, oruxos e licores, cervexas...).</li> <li>• Industria de produtos de moenda, fariña, pan, pastelería, galletas, confiterías e bolería industrial</li> <li>• Outras industrias derivadas da agricultura: conservas e transformados de hortalizas e froitas...</li> </ul> <p><u>Produtos transformados da gandería:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Industria cárnica</li> <li>• Industria láctea</li> <li>• Outras industrias derivadas da gandería: graxas e aceites...</li> </ul> |
| <b>CADEA DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS DE PESCA-ACUICULTURA-MARISQUEO E PRODUTOS TRANSFORMADOS DO MAR</b> |  |
| Actividades extractivas da pesca, acuicultura e marisqueo   | <p><u>Pesca e marisqueo (producións e primeiras vendas en lonxa)</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Peixes, Cefalópodos, Bivalvos, Crustáceos Algas</li> </ul> <p><u>Acuicultura:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• En batea (mexillón, ostra...)</li> <li>• En parque (rodaballo, ollomol, abadexo, linguado, polbo, bivalvos, ...)</li> </ul>   |
| Actividades de produtos transformados derivados do mar  | <p><u>Cocedoiros e depuradoras</u></p> <p><u>Industria conserveira de peixe e derivados do mar</u></p> <p><u>Industria frigorífica, conxelados e produtos elaborados do mar</u></p> <p><u>Outras industrias derivadas do mar: fariñas de peixe, aceites...</u></p>   |

Para a **análise estática**, os datos aportados teñen, en xeral, como data de referencia o último ano dispoñible nas estatísticas oficiais (actualmente o 2006 no caso do Anuario de Estatística Agraria e 2007 no caso do Anuario da Pesca).


Para a **visión dinámica**, a evolución tomou como referencia, en xeral, os datos dispoñibles de 3 anos antes da última referencia anteriormente mencionada (2003 no caso de Agrogandería e 2004 no caso da Pesca), calculándose deste xeito a porcentaxe de evolución nese período.

Nalgúns casos concretos, non foi posible manter estas referencias temporais, tratando neses casos de achegar a información máis actual posible de fontes estatísticas que no futuro posibiliten a súa actualización. Nestes casos, as referencias a períodos anteriores tamén son diversas, en función do último ano dispoñible.

## 2 Visión de conxunto das principais magnitudes das actividades empresariais agroalimentarias de Galicia

O conxunto de actividades recollidas nos epígrafes 15 e 16 do CNAE (Alimentación, bebidas e tabaco), supoñen en Galicia un 16% sobre o valor da producción, situándose no detalle aportado pola Figura 1 como a segunda agrupación de actividades en termos de valor dos bens e produtos ofertados en Galicia por parte de actividades industriais (polo tanto, non se incorporan servizos como o turismo ou o comercio, tan só actividades industriais transformadoras), por detrás das actividades da agrupación de CNAE 34 e 35 (material de transporte).

**Figura 1. Importancia relativa das actividades de alimentación no conxunto de actividades industrias de Galicia (en porcentaxe sobre o valor da producción) Ano 2007**



| Galicia         |   | Miles de €       | %           |
|-----------------|---|------------------|-------------|
| C.N.A.E         | TOTAL   | 31.922.453       | 100,0       |
| <b>15-16</b>    | <b>Alimentación, bebidas e tabaco</b>               | <b>5.204.536</b> | <b>16,3</b> |
| <b>17-18</b>    | Textil e confección                                 | 1.428.450        | 4,5         |
| <b>19</b>       | Coiro e calzado                                     | 52.615           | 0,2         |
| <b>20</b>       | Madeira e cortiza                                   | 1.272.353        | 4,0         |
| <b>21-22</b>    | Papel, artes gráficas e edición                     | 740.672          | 2,3         |
| <b>23-24</b>    | Coquerías, refino de petróleo y químicas            | 3.037.767        | 9,5         |
| <b>25</b>       | Manufacturas de caucho e plástico                   | 783.655          | 2,5         |
| <b>26</b>       | Produtos minerais no metálicos                      | 1.383.831        | 4,3         |
| <b>27</b>       | Producción, 1ª transformación e fundición de metais | 2.376.565        | 7,4         |
| <b>28</b>       | Produtos metálicos                                  | 1.921.699        | 6,0         |
| <b>29-30-33</b> | Maquinaria e equipo, óptica e similares             | 932.719          | 2,9         |
| <b>31-32</b>    | Material eléctrico e electrónico                    | 1.153.589        | 3,6         |
| <b>34-35</b>    | Material de transporte                              | 9.293.981        | 29,1        |
| <b>36</b>       | Outras industrias manufactureiras                   | 792.048          | 2,5         |
| <b>40</b>       | Energía eléctrica, gas e vapor                      | 1.547.973        | 4,9         |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

A continuación ofrécese unha visión integrada e de conxunto sobre o total das actividades agroalimentarias de Galicia. Debe destacarse que no caso das actividades agrícolas e gandeiras, o número de empresas está referido ao número de explotacións. No caso de pesca e marisqueo non foi posible obter datos que se aproximen ao número de empresas pola incidencia dos autónomos e porque as fontes estatísticas oficiais non teñen información segregada e accesible sobre estas actividades.

Táboa 1 Principais datos agregados das actividades agroalimentarias de Galicia

| Actividades  | Número de empresas/entidades |                |               | VEB (miles euros) |                  |              | valor da producción (miles euros) |                  |              | Número de postos de traballo |                |               |
|--|------------------------------|----------------|---------------|-------------------|------------------|--------------|-----------------------------------|------------------|--------------|------------------------------|----------------|---------------|
|  | 2005                         | 2008           | % var. 08-05  | 2003              | 2006             | % var. 06-03 | 2003                              | 2006             | % var. 06-03 | 2003                         | 2006           | % var. 06-03  |
| Activ. Agrícolas y Ganaderas (2003-2005)             | 195.610                      | 175.523        | -10,3%        | 1.104.991         | 1.074.290        | -2,8%        | 2.115.559                         | 2.177.063        | 2,9%         | 99.421                       | 80.997         | -18,5%        |
| Industria de elaboración de bebidas                  | 493                          | 527            | 6,9%          | 130.314           | 190.456          | 46,2%        | 378.122                           | 722.572          | 91,1%        | 2.046                        | 2.465          | 20,5%         |
| Industria cárnia                                     | 202                          | 186            | -7,9%         | 87.773            | 107.068          | 22,0%        | 564.057                           | 679.875          | 20,5%        | 3.261                        | 3.526          | 8,1%          |
| Industria láctea                                     | 98                           | 96             | -2,0%         | 118.739           | 141.138          | 18,9%        | 1.057.228                         | 1.118.887        | 5,8%         | 1.929                        | 2.158          | 11,9%         |
| Outra industria derivadas da agricultura e gandeiría | 1.620                        | 1.567          | -3,3%         | 244.836           | 369.888          | 51,1%        | 1.197.810                         | 1.487.163        | 24,2%        | 9.787                        | 11.710         | 19,6%         |
| <b>TOTAL CADEA AGRIC., GAND. E TRANSF.</b>           | <b>198.023</b>               | <b>177.899</b> | <b>-10,2%</b> | <b>1.686.653</b>  | <b>1.882.840</b> | <b>11,6%</b> | <b>5.312.776</b>                  | <b>6.185.560</b> | <b>16,4%</b> | <b>116.444</b>               | <b>100.856</b> | <b>-13,4%</b> |
| Pesca e marisqueo                                    | s.d.                         | s.d.           | s.d.          | 610.026           | 670.552          | 9,9%         | 1.155.812                         | 1.282.626        | 11,0%        | 30.461                       | 29.334         | -3,7%         |
| Acuicultura  | 13.427                       | 14.389         | 7,2%          |                   |                  |              |                                   |                  |              |                              |                |               |
| Cocedoiros e depuradoras                             |                              |                |               |                   |                  |              |                                   |                  |              |                              |                |               |
| Ind. Conserveira                                     |                              |                |               |                   |                  |              |                                   |                  |              |                              |                |               |
| Ind. Frigorífica, conxelados...                      |                              |                |               |                   |                  |              |                                   |                  |              |                              |                |               |
| Outras ind. derivadas do mar                         |                              |                |               |                   |                  |              |                                   |                  |              |                              |                |               |
| <b>TOTAL CADEA PESCA E TRANSF.</b>                   | <b>13.600</b>                | <b>14.593</b>  | <b>7,3%</b>   | <b>888.348</b>    | <b>1.005.094</b> | <b>13,1%</b> | <b>3.025.359</b>                  | <b>3.354.706</b> | <b>10,9%</b> | <b>41.674</b>                | <b>39.993</b>  | <b>-4,0%</b>  |
| <b>TOTAL AGROALIMENTACIÓN DE GALICIA</b>             | <b>211.623</b>               | <b>192.492</b> | <b>-9,0%</b>  | <b>2.575.001</b>  | <b>2.887.934</b> | <b>12,2%</b> | <b>8.338.135</b>                  | <b>9.540.266</b> | <b>14,4%</b> | <b>158.118</b>               | <b>140.849</b> | <b>-10,9%</b> |

Fonte: elaboración propia a partir de IGE e INE

En xeral pode observarse unha tendencia á reestruturación no conxunto agroalimentario de Galicia, a partir da redución no número de empresas e postos de traballo (baixando un 9% e un 10% respectivamente), mentres que o valor engadido bruto e o valor da producción crecen un 12% e un 14%, respectivamente.

Por grandes tipoloxías de actividades, destaca a caída xeneralizada nas actividades agrícolas e gandeiras (baixan todos os indicadores a excepción do valor da producción que apenas crece un 2,9%).

En canto ás actividades industriais de transformación de produtos agrícola-gandeiros, destaca o crecemento da industria de elaboración de bebidas en todos os indicadores, especialmente no tocante ao valor da producción (+91%) e do VEB (+46%). Por orde de importancia, tamén destacan os incrementos nas actividades da industria cárnica e láctea, se ben nestes casos obsérvase un proceso de redución no número de empresas. Estes datos apuntan a procesos de mellora no conxunto destas actividades, incrementando os ratios de eficiencia e xeración de valor por unidade empresarial.

Nas actividades da cadea da pesca e industria de transformados destaca a caída xeneralizada dos postos de traballo mentres as demais variables crecen (número de empresas, valor engadido bruto e valor da producción).

**Táboa 2 Principais datos agregados das actividades agroalimentarias de Galicia**

| DATOS EN MILES DE EUROS | PERÍODO          | TOTAL CADEA AGRIC., GAND. E TRANSF. | TOTAL CADEA PESCA E TRANSF. | TOTAL AGROALIMENTACIÓN DE GALICIA |
|-------------------------|------------------|-------------------------------------|-----------------------------|-----------------------------------|
| EXPORTACIÓNS            | 2006             | 513.018,37                          | 1.241.882,53                | 1.754.900,90                      |
|                         | 2008             | 673.386,04                          | 1.281.462,97                | 1.954.849,01                      |
|                         | % var. 2008-2006 | 31,26%                              | 3,19%                       | 11,39%                            |
| IMPORTACIÓNS            | 2006             | 429.209,68                          | 1.785.982,03                | 2.215.191,72                      |
|                         | 2008             | 677.905,35                          | 1.563.045,38                | 2.240.950,73                      |
|                         | % var. 2008-2006 | 57,94%                              | -12,48%                     | 1,16%                             |
| SALDO                   | 2006             | 83.808,69                           | -544.099,51                 | -460.290,82                       |
|                         | 2008             | -4.519,31                           | -281.582,40                 | -286.101,72                       |
|                         | % var. 2008-2006 | -105,39%                            | 48,25%                      | 37,84%                            |

Fonte: elaboración propia a partir do ICEX. Base de datos ESTACOM

Con respecto aos valores de comercio exterior das actividades de agroalimentación de Galicia, destaca a evolución dispar das actividades de agricultura, gandeiría e os seus transformados e das actividades de pesca e transformados do mar. Así no caso da agrogandeiría-industria, pasouse dunha situación dun saldo exterior positivo de máis de 83 millóns de euros no 2006 a un déficit de 4,5 millóns de euros no 2008. As exportacións creceron un 31%, mentres as importacións creceron un 58%.

No caso das actividades de pesca e industria transformadora, partíase dunha situación deficitaria de máis de 544 millóns de euros no 2006 e chegouse ao 2008 cun déficit de máis de 281 millóns de euros. Neste caso, obsérvase que mentres permanecen moi estables os volumes de exportacións (apenas suben un 3,2%), as importacións caían un 12%, o que supón unha tendencia moi positiva cara a saída aos mercados exteriores de produtos de elevado nivel de transformación e valor engadido.

**Táboa 3 Principais variables económico-financeiras para o conxunto de actividades agroalimentarias a partir dunha mostra de empresas da base de datos SABI (2007)**

| VARIABLES<br>(dados referidos ao ano 2007)  | Total Cadea<br>Agric, Gandería e<br>transformados | Total Cadea<br>Pesca e<br>transformados | Total<br>agroalimentación<br>Galicia |
|---|---|---|--------------------------------------|
| <b>MEDIANA INGRESOS EXPLOTACIÓN<br/>(mil eur)</b>                                   | 296,60  | 1.002,86                                | 420,33                               |
| <b>MEDIANA TOTAL ACTIVO (mil eur)</b>   | 347,56  | 1.370,34                                | 546,28                               |
| <b>MEDIANA FONDOS PROPIOS (mil eur)</b>   | 65,82   | 231,69                                  | 89,60                                |
| <b>MEDIANA NÚMERO EMPLEADOS</b>   | 5,00  | 12,00                                   | 7,00                                 |
| <b>MEDIANA VALOR ENGADIDO (mil eur)</b>   | 102,33  | 413,75                                  | 152,77                               |
| <b>MEDIANA RESULTADOS DO EXERCICIO<br/>(mil eur)</b>                                | 2,88  | 4,02                                    | 3,02                                 |
| <b>MEDIANA RESULTADO EXPLOTACIÓN<br/>(mil eur)</b>                                  | 5,41  | -4,91                                   | 4,45                                 |
| <b>MEDIANA MARXE DE EXPLOTACIÓN<br/>(resultado explot./ Ingresos explotación)</b>   | 2,1%  | -0,9%                                   | 1,5%                                 |
| <b>MEDIANA ROTACIÓN ACTIVOS<br/>(Ingresos explotación/total activo)</b>             | 1,02  | 0,72                                    | 0,90                                 |
| <b>MEDIANA RENDIBILIDADE ECONÓMICA<br/>(resultado explot./total activo)</b>         | 2,3%  | -0,4%                                   | 1,6%                                 |
| <b>MEDIANA RENDIBILIDADE FINANCIERA<br/>(resultado do exercicio/fondos propios)</b> | 6,6%  | 6,4%                                    | 6,6%                                 |
| <b>NÚMERO DE EMPRESAS ANALIZADAS</b>  | 1.309   | 596                                     | 1.905                                |

Fonte: elaboración propia a partir de datos de SABI

Na Táboa 3 ofrécese tamén unha visión de conxunto dunha mostra de empresas agroalimentarias de Galicia a partir da base de datos SABI, no que se inclúe información sobre variables económico-financeiras das 1.905 empresas que disponen de datos homoxéneos para o ano 2007.

Obsérvase que as empresas agroalimentarias analizadas teñen certas dificultades de obtención de grandes marxes de explotación por termo medio, cunha rotación de activos menor de 1. Estes indicadores sinalan tanto unha problemática de relación de custes/prezos (marxe) como de volume de ventas no exercicio en relación ao investimento efectuado (rotación), que implica unha certa ineficiencia no desenvolvemento destas actividades. Destaca o feito de que por termo medio, as actividades da cadea de pesca e transformados do mar obteñen unha marxe de

explotación negativa, abundando na idea dunha estrutura de custes pouco axeitada ao nivel de actividade do exercicio.

Finalmente, grazas á xestión financeira, o conxunto de empresas desta mostraxe analizada acadan unha rendibilidade financeira interesante, no contorno dun 6,5%, o que amosa a relevancia da xestión de resultados financeiros nestas actividades, con especial atención aos ingresos percibidos vía subvencións directas á actividade, como o demostra o feito de que a mediana de resultados do exercicio sexa maior que a relativa aos resultados de explotación.

### 3 A cadea de actividades empresariais de agrogandería e os seus produtos transformados

#### 3.1 Actividades extractivas: cultivos e producións agrogandeiras

##### 3.1.1 Actividades e producións agrícolas

A superficie do territorio galego destinada a usos agrícolas e gandeiros está maioritariamente aplicada a cultivos forestais, o cal acapara aproximadamente o 60% do total. Os prados e pastos representan o segundo uso más significativos da superficie aplicada a actividades e producións agrícolas, se ben nos últimos 2 anos descende case nunha cuarta parte. Outros usos cun certo peso son os cultivos forraxeiros, que manténdose sobre un 6% do total, nos últimos anos amosa unha tendencia crecente.

As hortalizas e flores, barbeitos e poucos e os froiteiros non cítricos son os usos que amosan un maior incremento dende 2006, se ben ánda alcanzan un peso moi reducido no total. Os viñedos, a pesar de contar con cinco denominacións de orixe en Galicia, non chegan a alcanzar o 1% do total da superficie agrícola.

Táboa 4 Superficies por ha. en Galicia (2006/2008)

| Superficie (ha). en Galicia  | 2006               |               | 2008             |               | Variación.<br>06/08 |
|------------------------------|--------------------|---------------|------------------|---------------|---------------------|
|                              | Cultivo ou cuberta | Total         | %                | Total         |                     |
| Cereais gran                 | 45.379             | 1,5%          | 40.933           | 1,4%          | -9,8%               |
| Leguminosas gran             | 767                | 0,0%          | 1.034            | 0,0%          | 34,7%               |
| Tubérculos c. H.             | 11.787             | 0,4%          | 13.015           | 0,4%          | 10,4%               |
| Forraxeiras                  | 181.427            | 6,2%          | 252.642          | 8,5%          | 39,3%               |
| Hortalizas e flores          | 1.131              | 0,0%          | 2.943            | 0,1%          | 160,3%              |
| Barbeitos e pousos           | 12.504             | 0,4%          | 31.019           | 1,0%          | 148,1%              |
| Froiteiros non cítricos      | 4.302              | 0,1%          | 7.351            | 0,2%          | 70,9%               |
| Viñedos                      | 25.470             | 0,9%          | 26.102           | 0,9%          | 2,5%                |
| Viveiros                     | 1.249              | 0,0%          | 734              | 0,0%          | -41,2%              |
| Hortas familiares            | 14.987             | 0,5%          | 22.114           | 0,7%          | 47,6%               |
| Prados e pasteiros           | 604.990            | 20,5%         | 461.564          | 15,6%         | -23,7%              |
| Superficie forestal          | 1.774.640          | 60,2%         | 1.791.092        | 60,6%         | 0,9%                |
| Outras superficies           | 268.925            | 9,1%          | 307.257          | 10,4%         | 14,3%               |
| <b>Superficie xeográfica</b> | <b>2.947.558</b>   | <b>100,0%</b> | <b>2.957.800</b> | <b>100,0%</b> | <b>0,3%</b>         |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

Entre as principais producións agrícolas en canto a volume, os tubérculos con máis de 10 millóns de toneladas producidas en 2006, son a tipoloxía maioritariamente obtida nas terras de cultivo en Galicia, pero mantendo unha tendencia decrecente en termos comparativos coa producción obtida en 2003, que superaba os 13 millóns de toneladas. No rexistro da Identificación Xeográfica Protexida (IXP) Pataca de Galicia agrúpanse máis de 700 agricultores e produtores, así como máis dunha decena de empresas envasadoras.

Pola outra banda, tanto o viñedo como as hortalizas e, especialmente, os cereais e leguminosas amosaron un notable incremento nos seus volumes de producción no período 2003-2006, se ben é certo que cuns niveis de producción aínda moi inferiores aos acadados no caso dos tubérculos.

Táboa 5 Principais producións agrícolas (Tm) (2003-2006)

| Galicia                    | 2003       | 2006       | Var. 03/06 |
|----------------------------|------------|------------|------------|
| Cereais e leguminosas gran | 69.967     | 237.523    | 239%       |
| Tubérculos                 | 13.347.513 | 10.251.069 | -23%       |
| Hortalizas                 | 215.833    | 258.787    | 20%        |
| Viñedo                     | 259.346    | 403.524    | 56%        |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

**Táboa 6 Principais producións agrícolas de cultivos forraxeiros orientados á alimentación animal (2003-2006)**

| Cultivo           | 2003       | 2006      | % Var. 03/06 |
|-------------------|------------|-----------|--------------|
| Millo forraxeiro  | 1.998.688  | 2.239.385 | 12%          |
| Pradería polifita | 10.835.179 | 7.598.354 | -30%         |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Entre as producións agrícolas de cultivos orientados á alimentación animal en Galicia, a pradería é maioritaria respecto ao millo forraxeiro, se ben este último mantén unha tendencia crecente, mentres que a pradería amosa unha importante evolución negativa no período 2003-2006, perdendo case unha terceira parte da súa producción.

**Táboa 7 Unidades de Traballo ao Ano (UTA) e explotacións por tipo de traballo (2003-2007).**

| GALICIA             |                        | 2003    | 2007    | Variación<br>2003/07 |
|---------------------|------------------------|---------|---------|----------------------|
| Traballo familiar   | Número de explotacións | 100.126 | 85.023  | -15,1%               |
|                     | UTA                    | 115.041 | 104.431 | -9,2%                |
| Traballo asalariado | Número de explotacións | 16.478  | 15.661  | -5,0%                |
|                     | UTA                    | 6.989   | 9.134   | 30,7%                |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

A grande maioría das explotacións teñen unha orixe familiar e as súas actividades son levadas a cabo polos distintos membros da unidade familiar, se ben, parece existir unha crecente tendencia a empregar persoal contratado nas súas explotacións. Aínda así, nun 85% das explotacións teñen un peso predominante o traballo de tipo familiar no ano 2007.

**Táboa 8 Número de explotacións de agricultura ecolólica en Galicia (2005-2007)**

| Explotacións con SAU |                    | 2005  | 2007  | % Variación<br>2005-07 |
|----------------------|--------------------|-------|-------|------------------------|
| Existentes           | Nº de explotacións | 136   | 130   | -4%                    |
|                      | Ha.                | 3.024 | 3.333 | 10%                    |
| En conversión        | Nº explotacións    | 9     | 134   | 1.389%                 |
|                      | Ha.                | 136   | 2.489 | 1730%                  |

Fonte: elaboración propia a partir da enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas. INE

No período 2005-2007 produciuse un incremento do tamaño medio das explotacións dedicadas a agricultura ecolólica, xa que a pesar de diminuir nun 4% o número de explotacións existentes incrementouse nun 10% o total da superficie ocupada en actividades de agricultura ecolólica.

Así mesmo, o tirón da agricultura ecolólica en Galicia (que é referente neste tipo de actividades no conxunto do estado español) pone de manifesto no feito de que, en 2007 ademais das 130 explotacións existentes, outras 134 estaban en trámites para a adecuación da súa explotación as esixencias e necesidades da producción ecolólica, incrementando en case 2.500 hectáreas o total da superficie destinada a este tipo de actividades.

Táboa 9 Empresas dedicadas á agricultura e gandería ecolólica en Galicia (2003-2006)

| Tipoloxía das empresas           | 2003       | 2006       | Variación<br>2003-06 |
|----------------------------------|------------|------------|----------------------|
| Produtores                       | 282        | 396        | 40,4%                |
| Elaboradores y comercializadores | 40         | 60         | 50,0%                |
| <b>Total</b>                     | <b>322</b> | <b>456</b> | <b>41,6%</b>         |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

Segundo as cifras publicadas polo INE, o número de empresas dedicadas a actividades de agricultura e gandería ecolólica en Galicia no ano 2006 era de 456, tendo aumentado no período 2003-2006 en mais dun 40%. Desas 456 empresas, case que 400 eran empresas produtoras e só 60 están orientadas á elaboración e comercialización de patacas, polo que parece existir ainda un importante potencial para o crecemento de novas empresas dedicadas a transformación e comercialización de produtos agroalimentarios de natureza ecolólica, incrementando o valor engadido xerado por este segmento de mercado en Galicia.

Táboa 10 Producción de pataca en Galicia (2004-2005)

| Pataca                     | 2004      | 2005      | Variación<br>2004-05 |
|----------------------------|-----------|-----------|----------------------|
| Produtores sen declaración | 238       | 210       | -11,8%               |
| Parcelas declaradas        | 697       | 699       | 0,3%                 |
| Superficie declarada (ha)  | 485       | 523       | 7,8%                 |
| Envasadores                | 10        | 11        | 10,0%                |
| Pataca comercializada (kg) | 4.904.000 | 5.168.000 | 5,4%                 |

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Agraria. Consellería de Medio Rural

Polo que respecta á produción de pataca en Galicia, no ano 2005 alcanzáronse as 5.168 toneladas de pataca comercializada, obtidas en case 700 parcelas declaradas que ocupan unha extensión total de 523 hectáreas de terreo, existindo 11 empresas dedicadas ao envasado de patacas para a súa comercialización.

### 3.1.2 Actividades e producións gandeiras

A inmensa maioría das explotacións de gando en Galicia contan con terras propias nas que os animais pacen. Tendo en conta que existen explotacións que traballan con máis dun tipo de gando, a tipoloxía de explotacións más frecuente no territorio galego son as avícolas, por diante das de gando bovino e de porcino. No período 2003-2005 o número total de explotacións gandeiras en Galicia descendeu máis dun 10%, existindo nas distintas tipoloxías de gando descensos no número de explotacións entre o 10 e o 20% aproximadamente. No caso das explotacións de avestruces, reducíronse en máis dun 85%, amosando a dificultade para a subsistencia deste tipo de explotacións ante a falla de demanda no mercado deste tipo de carnes.

**Táboa 11 Evolución das explotacións (con terras e sen terras) de gando en Galicia (2003-2005)**

| GALICIA      | 2003                       |                            |                       | 2005                       |                            |                       | 2003<br>s/2005 |
|--------------|----------------------------|----------------------------|-----------------------|----------------------------|----------------------------|-----------------------|----------------|
|              | Explotacións<br>con terras | Explotacións<br>sen terras | Total<br>explotacións | Explotacións<br>con terras | Explotacións<br>sen terras | Total<br>explotacións |                |
| Bovino       | 59.457                     | 183                        | 59.641                | 53.848                     | 39                         | 53.887                | -9,65%         |
| Ovino        | 20.248                     | 3                          | 20.251                | 16.755                     | 19                         | 16.774                | -17,17%        |
| Caprino      | 5.898                      | 119                        | 6.017                 | 5.118                      | ..                         | 5.118                 | -14,94%        |
| Porcino      | 62.060                     | 228                        | 62.288                | 51.895                     | 24                         | 51.919                | -16,65%        |
| Equino       | 18.096                     | 116                        | 18.212                | 14.999                     | 19                         | 15.018                | -17,54%        |
| Aves         | 85.184                     | 178                        | 85.362                | 74.954                     | 19                         | 74.973                | -12,17%        |
| Avestruces   | 117                        | -                          | 117                   | 17                         | -                          | 17                    | -85,47%        |
| Coellos      | 23.829                     | 3                          | 23.832                | 20.175                     | 22                         | 20.197                | -15,25%        |
| <b>Total</b> | <b>93.156</b>              | <b>344</b>                 | <b>93.501</b>         | <b>83.617</b>              | <b>47</b>                  | <b>83.663</b>         | <b>-10,52%</b> |

Fonte: elaboración propia a partir da enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas. INE

O total de cabezas de gando rexistradas en Galicia en 2007 aproximábanse os 2,2 millóns, mantendo praticamente un volume similar respecto á situación en 2004. Por especies, a más numerosa e a cabana bovina, se ben é a única que amosa unha evolución negativa no número de cabezas entre 2004 e 2007, seguida pola porcina, a cal mantén un lixeiro incremento próximo ao 2% nese período. En cambio, tanto a especie ovina como a caprina, aínda sendo as que contan cun menor número de cabezas, son as que experimentaron un maior incremento entre os anos 2004 e 2007 (19,5 e 47%, respectivamente), gañando peso no total das cabezas de gando existentes en Galicia. No caso da cabana gandeira de equino e avícola, segundo a fonte de información consultada, non se dispoñen de datos fiables que se poidan aportar.

**Táboa 12 Cabezas de gando en Galicia (2004-2007)**

| CABEZAS DE GANDO |                  |                  |                     |
|------------------|------------------|------------------|---------------------|
| Tipoloxía        | 2004             | 2007             | % Variación 2004-07 |
| BOVINO           | 1.037.556        | 974.580          | -6,1%               |
| OVINO            | 266.328          | 318.290          | 19,5%               |
| CAPRINO          | 52.038           | 76.491           | 47,0%               |
| PORCINO          | 807.891          | 821.502          | 1,7%                |
| EQUINO           | s.d.             | s.d.             | ..                  |
| AVÍCOLA          | s.d.             | s.d.             | ..                  |
| <b>Total</b>     | <b>2.163.813</b> | <b>2.190.863</b> | <b>1,3%</b>         |

Fonte: elaboración propia a partir das enquisas gandeiras do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural Mariño

A produción de leite en Galicia experimentou no período 2003-2006 un importante incremento do volume de producción media por vaca, contribuíndo a mellorar os niveis de eficiencia e produtividade das explotacións galegas dedicadas ao ganado bovino. Neses anos a pesares de que se reduciu en case un 30% o número total de vacas de muxidura o volume de producción de leite só descendeu nun 5,5%, manténdose por enriba dos 2.000 millóns de litros. Iso supón que mentres en 2003 a producción media de leite por cada vaca era duns 4.550 litros, en 2006 esa producción era duns 6.120 litros, o que significa que a producción media de leite por vaca incrementouse en case un 35% nese tempo.

**Táboa 13 Producción de leite en Galicia (2003-2006)**

| Variables   | 2003      | 2006      | Variación 2003-06 |
|---|-----------|-----------|-------------------|
| Número de vacas de muxidura                       | 488.015   | 343.298   | -29,7%            |
| Miles de litros de producción de leite de vaca    | 2.221.551 | 2.099.511 | -5,5%             |
| Producción media por vaca e ano (miles de litros) | 4,55      | 6,12      | 34,5%             |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE. Consellería de Medio Rural

**Táboa 14 Producción de carne canal en Galicia (2004-2007)**

| PRODUCCIÓN DE CARNE CANAL (Tn) |                  |                  |                   |
|--------------------------------|------------------|------------------|-------------------|
| Tipoloxía                      | 2004             | 2007             | Variación 2004-07 |
| BOVINO                         | 94.016           | 94.514           | 0,5%              |
| OVINO                          | 62.498           | 60.987           | -2,4%             |
| CAPRINO                        | 909              | 1.281            | 40,9%             |
| PORCINO                        | 1.033.625        | 1.077.337        | 4,2%              |
| EQUINO                         | 150              | 159              | 6,0%              |
| AVÍCOLA                        | 161.661          | 177.684          | 9,9%              |
| <b>Total</b>                   | <b>1.352.859</b> | <b>1.411.962</b> | <b>4,4%</b>       |

Fonte: elaboración propia a partir das enquisas gandeiras do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural Mariño

A produción carne en canal, medida en toneladas, experimentou no período 2004-2007 un lixeiro incremento, superando os 1,4 millóns de toneladas en 2007, dos cales máis do 75% corresponden a carne de porcino. Outras tipoloxías de carne cun certo peso na producción en canal en Galicia en 2007 foron a avícola (12,6%) e a bovina (6,7%). En canto a evolución no período analizado, as especies que maior incremento experimentaron foron a producción de carne de gando caprino e de avícola, por diante do equino e o porcino. En cambio, a producción de carne en canal de bovino praticamente mantivo o mesmo volume que en 2003, mentres que a única especie que reduciu o seu volume de producción foi a ovina.

Táboa 15 Producción de ovos de galiña en Galicia (2003-2006) en miles de ducias

| Ovos           | 2003   | 2006   | Variación 2003-06 |
|----------------|--------|--------|-------------------|
| Ducias de ovos | 60.579 | 58.822 | -2,90%            |

Fonte: elaboración propia a partir do INE

En canto a producción de ovos en Galicia, os datos amosan un lixeiro descenso (inferior ao 3%) no volume de producción entre os anos 2003 e 2006, chegándose neste último ano a producir case 59 millóns de ducias de ovos.

Táboa 16 Número de apicultores, colmeas, envasadores e producción en kilogramos de mel (2004-2005)

| MEL en Galicia                |             | 2004    | 2005    | Variación 2004-05 |
|-------------------------------|-------------|---------|---------|-------------------|
| Apicultores                   |             | 330     | 390     | 18,2%             |
| Colmeas                       |             | 27.758  | 30.302  | 9,2%              |
| Envasadores                   |             | 40      | 39      | -2,5%             |
| Producción (kg)               | Total*      | 555.160 | 606.040 | 9,2%              |
|                               | Certificada | 542.651 | 250.382 | -53,9%            |
| Nº medio colmeas /Apicultores |             | 84,12   | 77,70   | -7,6%             |

\*Nota: Estímase tomando como media 20 kgs de mel ao ano por colmea.

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Agraria. Consellería de Medio Rural

Entre as variables relacionadas coa producción de mel en Galicia, os datos existentes amosan un importante incremento no número de apicultores dedicados a estas actividades no territorio galego, así como no número de colmeas existentes, se ben en menor medida que no caso dos apicultores, o que implica unha redución do número medio de colmeas que cada apicultor xestioná. En canto á producción, percíbese un importante descenso no volume de producción certificada (Indicación Xeográfica Protexida "Mel de Galicia"). A estes datos aínda que oficiais, hai que incorporar o matiz de que a IXP foi solicitada ante a Comisión Europea no 2005 e non

foi oficialmente recoñecida por Bruxelas ata xullo de 2007, polo recurso presentado por Alemaña (primeiro envasador mundial), o que pode explicar a baixada de mel certificada no período analizado, pola incerteza xerada nos apicultores e envasadores.

Debe recordarse que a IXP, pasou nunha primeira fase por ser un producto amparado pola denominación de Galicia Calidade, logo foi unha Denominación Protexida a nivel de España ata que acadou a consideración de Indicación Xeográfica Protexida a nivel internacional, tralo recoñecemento pola Comisión Europea.

### 3.2 Industria transformadora de produtos agrogandeiros

A comparativa dos recursos e empregos desde o punto de vista da conta de producción das distintas subactividades que conforman a industria agroalimentaria amosa que a industria láctea é a que conta cun maior valor de producción, pero tamén é a que máis consumos intermedios emprega, polo que o valor engadido bruto é menor que en outras actividades que xeran un menor valor de producción, como poden ser a elaboración de bebidas ou outras industrias alimentarias.

Dende o punto de vista da conta de explotación, as outras industrias alimentarias e as de elaboración de bebidas son as que máis recursos empregan para remunerar ao seu persoal, e xunto coas empresas de producción de alimentación animal son as que obteñen de media un maior excedente bruto de explotación, sendo ademais as actividades que experimentaron unha evolución máis positiva no período 2003-2006.

Táboa 17 Cifras más significativas da industria agroalimentaria na comunidade autónoma de Galicia, por contas económicas ( 2003-2006)

| SUBSEC-<br>TORES                         | CONTA PRODUCIÓN         |                  |                                   |                  |                                   |              | CONTA DE EXPLOTACIÓN                      |                |                                 |                          |                |              | EMPREGO                     |                |              |               |               |              |
|--|-------------------------|------------------|-----------------------------------|------------------|-----------------------------------|--------------|---|----------------|---------------------------------|--------------------------|----------------|--------------|-----------------------------|----------------|--------------|---------------|---------------|--------------|
|  | RECURSOS                |                  |                                   | EMPREGOS         |                                   |              | EMPREGOS                                  |                |                                 | EXCEDENTE DE EXPLOTACIÓN |                |              | Postos de traballo( número) |                |              |               |               |              |
|  | Producción (miles de €) |                  | Consumos intermedios (miles de €) |                  | VALOR ENGADIDO BRUTO (miles de €) |              | Remuneración dos asalariados (miles de €) |                | BRUTO/ RENDA MIXTA (miles de €) |                          |                |              |                             |                |              |               |               |              |
|  | 2003                    | 2006             | % Var. 03/06                      | 2003             | 2006                              | % Var. 03/06 | 2003                                      | 2006           | Var. 03/06                      | 2003                     | 2006           | Var. 2003/06 | 2003                        | 2006           | % Var. 03/06 | 2003          | 2006          | % Var. 03/06 |
| Industrias Cárnicas                      | 564.057                 | 679.875          | 20,5%                             | 476.284          | 572.807                           | 20,3%        | 87.773                                    | 107.068        | 22,0%                           | 66.752                   | 76.708         | 14,9%        | 22.080                      | 30.056         | 36,1%        | 3.261         | 3.526         | 8,1%         |
| Industrias Lácteas                       | 1.057.228               | 1.118.887        | 5,8%                              | 938.489          | 977.749                           | 4,2%         | 118.739                                   | 141.138        | 18,9%                           | 53.126                   | 66.206         | 24,6%        | 67.259                      | 75.649         | 12,5%        | 1.929         | 2.158         | 11,9%        |
| Productos Alimentación Animal            | 524.631                 | 699.227          | 33,3%                             | 455.376          | 567.080                           | 24,5%        | 69.255                                    | 132.147        | 90,8%                           | 27.420                   | 37.481         | 36,7%        | 43.692                      | 95.541         | 118,7%       | 1.123         | 1.263         | 12,5%        |
| Elaboración de bebidas                   | 378.122                 | 722.572          | 91,1%                             | 247.808          | 532.116                           | 114,7%       | 130.314                                   | 190.456        | 46,2%                           | 53.757                   | 81.886         | 52,3%        | 76.874                      | 108.401        | 41,0%        | 2.046         | 2.465         | 20,5%        |
| Outras industrias alimentarias           | 673.179                 | 787.936          | 17,0%                             | 497.598          | 550.195                           | 10,6%        | 175.581                                   | 237.741        | 35,4%                           | 118.610                  | 139.818        | 17,9%        | 57.304                      | 98.082         | 71,2%        | 8.664         | 10.447        | 20,6%        |
| <b>Total Ind. Agroganadeira. Galicia</b> | <b>3.197.217</b>        | <b>4.008.497</b> | <b>25,4%</b>                      | <b>2.615.555</b> | <b>3.199.947</b>                  | <b>22,3%</b> | <b>581.662</b>                            | <b>808.550</b> | <b>39,0%</b>                    | <b>319.665</b>           | <b>402.099</b> | <b>25,8%</b> | <b>267.209</b>              | <b>407.729</b> | <b>52,6%</b> | <b>17.023</b> | <b>19.859</b> | <b>16,7%</b> |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

**Táboa 18 Número de empresas por actividade principal da industria de agricultura e gandeiría (grupos CNAE). Anos 2005-2008**

| Nº de empresas por actividade principal (grupos CNAE)                  | 2005         | 2008         | Variación 2005-08 |
|--|--------------|--------------|-------------------|
| 151 Industria cárnica  | 202          | 186          | -7,92%            |
| 153 Preparación e conservación de froitas e hortalizas                 | 20           | 26           | 30,00%            |
| 154 Fabricación de graxas e aceites (vexetais e animais)               | 5            | 6            | 20,00%            |
| 155 Industrias lácteas   | 98           | 96           | -2,04%            |
| 156 Fabricación de produtos de molinería, amidóns e produtos amiláceos | 82           | 63           | -23,17%           |
| 157 Fabricación de produtos para á alimentación animal                 | 63           | 71           | 12,70%            |
| 158 Fabricación de outros produtos alimenticios                        | 1.450        | 1.401        | -3,38%            |
| 159 Elaboración de bebidas   | 493          | 527          | 6,90%             |
| <b>Total</b>   | <b>2.600</b> | <b>2.571</b> | <b>-1,12%</b>     |

Fonte: elaboración propia a partir do Directorio Central de Empresas.INE

O tecido empresarial das actividades industriais agrogandeiras está conformado en 2008 por máis de 2.500 empresas, mantendo una lixeira tendencia decrecente respecto ao ano 2005 para o conxunto destas actividades. A análise por subactividades amosa que a fabricación de outros produtos alimenticios (epígrafe do CNAE no que se inclúen panaderías, pastelerías, fabricantes de galletas e pastas, cafés e infusións ou preparados alimenticios infantís, entre outras) é a que ten un maior peso, con case un 55% do total de empresas. Así mesmo, a subactividade de elaboración de bebidas con máis de 500 empresas tamén conta cun peso significativo dentro destas actividades industriais (aproximadamente o 20%), fundamentalmente concentrado nas bodegas de elaboración de viño das distintas denominacións de orixe existentes en Galicia e no envasado de auga mineral.

Respecto á evolución entre 2005 e 2008 das distintas subactividades, destaca o retroceso no número de empresas existentes relacionadas coa industria cárnica, sendo unha das actividades con maior tradición en Galicia, especialmente en áreas rurais. Polo contrario, aínda que cun peso pouco relevante no conxunto destas actividades, obsérvase unha tendencia crecente no número de empresas orientadas á fabricación de produtos de alimentación animal e de preparados e conservas de froitas e hortalizas, o que favorece unha maior diversificación do tecido industrial destas actividades no ámbito autonómico.

**Táboa 19**  
**Cifras dos principais indicadores da industria agrogandeira na comunidade autónoma de Galicia, por subsectores. Ano 2006**

| SUBSECTORES                                 | Pessoas Ocupadas |                    | Vendas Produto    |                    | Consumo Materias Primas |                    | Investimentos Activos Materiais |                    |
|---|------------------|--------------------|-------------------|--------------------|-------------------------|--------------------|---------------------------------|--------------------|
|   | Num.             | Total s/ I. Agrog. | Miles de €        | Total s/ I. Agrog. | Miles de €              | Total s/ I. Agrog. | Miles de €                      | Total s/ I. Agrog. |
| Industrias Cárnicas                         | 4.162            | 23,3%              | 899.053           | 24,8%              | 458.592                 | 32,6%              | 32.185                          | 30,7%              |
| Conervas de Froitas e Hortalizas            | 212              | 1,2%               | 28.122            | 0,8%               | 16.743                  | 1,2%               | 959                             | 0,9%               |
| Graxas e Aceites                            | 138              | 0,8%               | 144.368           | 4,0%               | 120.293                 | 8,6%               | 583                             | 0,6%               |
| Industrias Lácteas                          | 2.158            | 12,1%              | 1.074.382         | 29,6%              | 66.509                  | 4,7%               | 5.998                           | 5,7%               |
| Produtos Molinería                          | 185              | 1,0%               | 33.227            | 0,9%               | 23.179                  | 1,6%               | 933                             | 0,9%               |
| Produtos Alimentación Animal                | 1.319            | 7,4%               | 554.181           | 15,3%              | 355.065                 | 25,3%              | 5.898                           | 5,6%               |
| Pan, Pastelería e Galletas                  | 6.051            | 33,9%              | 192.919           | 5,3%               | 58.563                  | 4,2%               | 4.336                           | 4,1%               |
| Azucré, Chocolate e Confitería              | 314              | 1,8%               | 44.463            | 1,2%               | 3.709                   | 0,3%               | 1.317                           | 1,3%               |
| Outros Produtos Diversos                    | 978              | 5,5%               | 80.832            | 2,2%               | 39.387                  | 2,8%               | 6.855                           | 6,5%               |
| Viños                                       | 764              | 4,3%               | 90.821            | 2,5%               | 41.613                  | 3,0%               | 29.727                          | 28,4%              |
| Outras Bebidas Alcohólicas                  | 201              | 1,1%               | 148.455           | 4,1%               | 98.969                  | 7,0%               | 3.426                           | 3,3%               |
| Augas e Bebidas Analcohólicas               | 1.361            | 7,6%               | 334.090           | 9,2%               | 123.087                 | 8,8%               | 12.511                          | 11,9%              |
| <b>Total Industria Agrogandeira Galicia</b> | <b>17.843</b>    | <b>100,0%</b>      | <b>3.624.913</b>  | <b>100%</b>        | <b>1.405.709</b>        | <b>100%</b>        | <b>104.728</b>                  | <b>100%</b>        |
| <b>Total Industria Galicia</b>              | <b>170.747</b>   |                    | <b>31.214.983</b> |                    | <b>17.791.610</b>       |                    | <b>2.027.845</b>                |                    |

Fonte: elaboración propia a partir da enquisa anual de Empresas 2006. Ministerio De Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

A industria agrogandeira galega ocupaba en Galicia no 2006 a case 18.000 persoas e xerou un volume de negocio superior aos 3.600 millóns de euros, consumindo case 1.400 millóns en materias primas. Ademais, as empresas destas actividades acometeron unhas investimentos totais en activos materiais superiores aos 100 millóns de euros.

Os principais indicadores da industria agrogandeira en Galicia no ano 2006 amosan que a industria cárnica é a que conta cunha maior estabilidade e importancia en todos eles, manténdose sempre entre enriba do 20% do total da industria en persoas ocupadas, vendas, consumos de materias primas e investimentos.

Ademais da industria cárnica, outros subsectores destacados en canto a emprego xerado son os de pan, pastelería e galletas e o da industria láctea. Polo que respecta as vendas, a pesares de non contar cun importante peso en canto a número de empresas, a industria láctea é a que máis contribúe, por diante da industria cárnica, con case un 30% sobre o total das vendas. As actividades de produción de

alimentación animal, xunto coas da industria cárnica, son as que máis incidencia teñen no consumo de materias primas, mentres que en canto a investimentos en activos materiais é a elaboración e envasado de viños a que amosa un maior peso no conxunto da industria, acaparando máis do 28% das investimentos totais.

**Táboa 20 Ratios más significativos da industria alimentaria na comunidade autónoma de Galicia, por subsectores. Ano 2006**

| SUBSECTORES                       | Venda Neta Produto / Persoa Ocupada (miles €) | Gastos Persoal / Venda Neta Produto (%) | Consumo Mat. Primas / Venda Neta Produto (%) | Valor Engadido / Persoa Ocupada (miles €) | Excedente Explotación (miles €) | Marxe Bruto (%) |
|-----------------------------------|---|---|--|---|---------------------------------|-----------------|
| Industrias Cárnicas               | 216,01  | 10,22                                   | 54,46  | 33,4                                      | 47.144                          | 5,24            |
| Conservas de Froitas e Hortalizas | 132,65  | 13,9                                    | 61,32  | 28,92                                     | 2.222                           | 7,90            |
| Graxas e Aceites                  | 1.046,14                                      | 2,8                                     | 59,54  | 75,86                                     | 6.422                           | 4,45            |
| Industrias Lácteas                | 502,49  | 6,11                                    | 83,32  | 55,47                                     | 53.497                          | 4,98            |
| Produtos Molinería                | 179,61  | 14,16                                   | 61,46  | 32,57                                     | 1.320                           | 3,97            |
| Produtos Alimentación Animal      | 420,15  | 6,31                                    | 69,76  | 59,66                                     | 43.716                          | 7,89            |
| Pan, Pastelería e Galletas        | 31,88   | 38,47                                   | 64,07  | 19,77                                     | 45.576                          | 23,62           |
| Azucré, Chocolate e Confitería    | 36,51   | 44,58                                   | 30,36  | 22,55                                     | 1.970                           | 4,43            |
| Outros Produtos Diversos          | 82,65   | 24,15                                   | 48,73  | 29,73                                     | 9.549                           | 11,81           |
| Viños                             | 118,88  | 17,08                                   | 45,82  | 42,81                                     | 17.199                          | 18,94           |
| Outras Bebidas Alcohólicas        | 738,58  | 3,97                                    | 66,67  | 164,4                                     | 27.152                          | 18,29           |
| Augas e Bebidas Analcohólicas     | 245,47  | 13,47                                   | 36,84  | 57,68                                     | 33.506                          | 10,03           |
| <b>Total Ind. Agrogandeira</b>    | <b>203,16</b>                                 | <b>10,43</b>                            | <b>38,78</b>                                 | <b>39,94</b>                              | <b>289.273</b>                  | <b>7,98</b>     |
| <b>Total Industria Galicia</b>    | <b>182,81</b>                                 | <b>13,92</b>                            | <b>0,57</b>                                  | <b>47,61</b>                              | <b>3.784.050</b>                | <b>12,12</b>    |

Fonte: elaboración propia a partir da enquisa anual de Empresas 2006.INE

No conxunto da industria agrogandeira galega no 2006, cada persoa ocupada xeraba de media 203.160 euros e 39.940 euros de valor engadido, se ben existe unha enorme disparidade neses ratios para os distintos subsectores. Así, as taxas de vendas por empregado son moi superiores á media en actividades como graxas e aceites, outras bebidas alcohólicas e industrias lácteas. Estas mesmas actividades son as que maior ratio teñen en canto a valor engadido por empregado, con excepción da industria láctea onde esa relación non ten o mesmo peso que en canto a vendas.

Por outra banda, os case de 290 millóns de euros de excedente de explotación alcanzados no 2006 supuxeron un marxe bruto próximo ao 8% para o conxunto da industria agrogandeira galega, sendo o subsector de pan, pastelería e galletas o que acadou un maior marxe bruto (23,62%), por diante de produtos como o viño e outras

bebidas alcohólicas, que superaron o 18%. En cambio, as actividades que menor marxe bruto obtiveron ese ano, por debaixo do 5% foron os produtos de molinería, os de azucré, chocolate e confitería, a producción de graxas e aceites e a industria láctea.

En Galicia existen na actualidade catro denominacións de orixe que regulan a producción de queixo, sendo a D.O. Queixo Tetilla a máis importante, tanto polo número de gandeiros e queixerías acollidos á mesma como polo volume de producción obtido deste tipo de queixo, que supera o 60% do total de queixos producidos baixo algunha das denominacións de orixe existentes a nivel autonómico. En 2005, máis de 1600 gandeiros proporcionaban a materia prima a 34 queixerías que chegaron a producir case 2.700 toneladas de queixo, incrementando o volume de producción en case un 9% respecto ao ano anterior.

**Táboa 21 Produción de queixo en Galicia por denominación de orixe (2004-2005)**

| Denominación de Orixe   | Variable                       | Evolución                      |                        |                  |
|-------------------------|--------------------------------|--------------------------------|------------------------|------------------|
|                         |                                | 2004                           | 2005                   | Var. 2004-05     |
| D.O.P. Queixo Tetilla   | Gandeiros                      | 1.458                          | 1.612                  | 10,6%            |
|                         | Queixerías                     | 34                             | 34                     | 0,0%             |
|                         | Producción de queixo           | Uds 2.520.000<br>Kg. 2.520.000 | 2.739.000<br>2.739.000 | 8,7%<br>8,7%     |
|                         | Producción media por Queixaría | Uds 74.118<br>Kg. 74.118       | 80.559<br>80.559       | 8,7%<br>8,7%     |
|                         | Gandeiros                      | 319                            | 400                    | 25,4%            |
| D.O. Arzúa- Ulloa       | Queixerías                     | 18                             | 18                     | 0,0%             |
|                         | Producción de queixo           | Uds 2.053.000<br>Kg. 2.353.226 | 1.060.000<br>1.347.470 | -48,4%<br>-42,7% |
|                         | Producción media por Queixaría | Uds 114.056<br>Kg. 130.735     | 58.889<br>74.859       | -48,4%<br>-42,7% |
|                         | Gandeiros                      | 41                             | 75                     | 82,9%            |
|                         | Queixerías                     | 7                              | 7                      | 0,0%             |
| D.O. San Simón da Costa | Producción de queixo           | Uds 106.481<br>Kg 237.452      | 232.680<br>237.582     | 118,5%<br>0,1%   |
|                         | Producción media por Queixaría | Uds 15.212<br>Kg. 33.922       | 33.240<br>33.940       | 118,5%<br>0,1%   |
|                         | Gandeiros                      | 6                              | 6                      | 0,0%             |
|                         | Queixerías                     | 2                              | 2                      | 0,0%             |
|                         | Producción de queixo           | Uds 37.651<br>Kg. 19.825       | 41.062<br>21.479       | 9,1%<br>8,3%     |
| D.O. Queixo do Cebreiro | Producción media por Queixaría | Uds 18.826<br>Kg. 9.913        | 20.531<br>10.740       | 9,1%<br>8,3%     |
|                         | Gandeiros                      | 1.824                          | 2.093                  | 14,7%            |
|                         | Queixerías                     | 61                             | 61                     | 0,0%             |
|                         | Producción de queixo           | Uds 4.717.132<br>Kg. 5.130.503 | 4.072.742<br>4.345.531 | -13,7%<br>-15,3% |
|                         | Producción media por Queixaría | Uds 222.210<br>Kg. 248.687     | 193.219<br>200.098     | -13,0%<br>-19,5% |
| TOTAL GALICIA           | Gandeiros                      | 1.824                          | 2.093                  | 14,7%            |
|                         | Queixerías                     | 61                             | 61                     | 0,0%             |
|                         | Producción de queixo           | Uds 4.717.132<br>Kg. 5.130.503 | 4.072.742<br>4.345.531 | -13,7%<br>-15,3% |
|                         | Producción media por Queixaría | Uds 222.210<br>Kg. 248.687     | 193.219<br>200.098     | -13,0%<br>-19,5% |

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Agraria. Consellería de Medio Rural

En menor medida tamén é significativa a produción de queixo da D.O Arzúa-Ulloa, por riba das 1.000 toneladas en 2005 (case o 25% do total), se ben con un notable descenso no volume de produción respecto ao ano precedente, a pesar de incrementar nun 25% o número de gandeiros que subministran o leite a esta D.O. Por último, tanto as D.O San Simón da Costa como Queixo do Cebreiro teñen un menor grado de desenvolvemento e peso no conxunto da produción de queixo en Galicia.

**Táboa 22**  
**Principais datos por denominación de orixe de Rías Baixas (evolución 2003/2004 a 2005/2006)**

| Denominación de orixe<br>Campaña   | RÍAS BAIXAS |            | Variación 2003/04-<br>2005/06 |
|--|-------------|------------|-------------------------------|
|  | 2003/2004   | 2005/2006  |                               |
| Hectáreas de superficie inscrita na DO                                   | 2.825       | 3.200      | 13,27%                        |
| Número de viticultores da vendima  | 5.977       | 6.307      | 5,52%                         |
| Número de bodegas inscritas na DO  | 186         | 182        | -2,15%                        |
| Total de Hectolitros de viño producido no ano                            | 72.421      | 132.671    | 83,19%                        |
| Hectolitros de viño exportados   | 13.835      | 18.361     | 32,71%                        |
| Valor económico do viño exportado (euros)                                | 8.141.363   | 11.497.009 | 41,22%                        |
| Prezo medio (euros) por litro de viño exportado                          | 5,88        | 6,26       | 6,46%                         |
| Hectolitros de viño comercializados no mercado nacional                  | 89.848      | 146.030    | 62,53%                        |
| Valor económico (euros) de viño comercializado no mercado nacional       | sen datos   | sen datos  |                               |
| Prezo medio (euros) por litro do viño comercializado no mercado nacional | sen datos   | sen datos  |                               |
| Existencias en Bodega o final de campaña (hl.)                           | 61.970      | 90.824     | 46,56%                        |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino (2006)

A D.O Rías Baixas superou na campaña 2005/2006 os 132.000 hectolitros de viño producido, experimentando un incremento do 83% respecto á campaña 2003/2004, incrementando nun 13% as hectáreas de terreo inscritas na D.O. Nese período, a comercialización de viño no mercado nacional experimentou un maior incremento que o acadado nos mercados exteriores. En calquera caso, é significativo a mellora do posicionamento da D.O Rías Baixas no ámbito internacional, que permitiu que se incrementara nun 6,46% o prezo medio do litro de viño exportado polas empresas amparadas baixo a mesma respecto aos prezos da campaña 2003/2004.

**Táboa 23**  
**Principais datos por denominación de orixe de Ribeiro (evolución 2003/2004 a 2005/2006)**

| Denominación de orixe<br>Campaña  | RIBEIRO    |            | Variación 2003/04-<br>2005/06 |
|---|------------|------------|-------------------------------|
|   | 2003/2004  | 2005/2006  |                               |
| Hectáreas de superficie inscrita na DO  | 2.667      | 2.684      | 0,64%                         |
| Número de viticultores da vendima   | 5.958      | 5.988      | 0,50%                         |
| Número de bodegas inscritas na DO   | 103        | 110        | 6,80%                         |
| Total de Hectolitros de viño producido no ano                                     | 78.804     | 50.714     | -35,65%                       |
| Hectolitros de viño exportados  | 2.501      | 1.996      | -20,19%                       |
| Valor económico do viño exportado (euros)   | 723.793    | 702.287    | -2,97%                        |
| Prezo medio (euros) por litro de viño exportado                                   | 2,89       | 3,52       | 21,80%                        |
| Hectolitros de viño comercializados no mercado nacional                           | 61.148     | 48.667     | -20,41%                       |
| Valor económico (euros) de viño comercializado no mercado nacional                | 19.689.110 | 12.277.767 | -37,64%                       |
| Prezo medio (euros) por litro do viño comercializado no mercado nacional          | 3,22       | 2,52       | -21,74%                       |
| Existencias en Bodega o final de campaña (Hl.)                                    | 59.000     | 104.586    | 77,26%                        |
| % Existencias en Bodega ó final da campaña sobre o total de viño producido no ano | 74,9%      | 206,2%     | 175,30%                       |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino (2006)

En canto á D.O Ribeiro superou lixeiramente na campaña 2005/2006 os 50.000 hectolitros de viño producido, experimentando unha diminución por riba do 35% respecto á campaña 2003/2004, a pesar de contar praticamente co mesmo número de hectáreas de terreo o de viticultores inscritos na D.O. Ese descenso na producción vese reflectido na comercialización de viño tanto no mercado nacional como no exterior, xa que en ambos casos produciuse unha caída aproximada do 20%. En cambio, onde si se aprecia unha distinta evolución é no prezo medio do litro de viño comercializado, xa que mentres nos mercados exteriores o prezo medio incrementouse en case un 22% respecto á campaña 2003/2004 no mercado estatal a variación do prezo tamén estivo en torno ao 22% pero neste caso en sentido negativo.

**Táboa 24 Principais datos por denominación de orixe de Ribeira Sacra (evolución 2003/2004 a 2005/2006)**

| Denominación de orixe<br>Campaña  | RIBEIRA SACRA |           | Variación 2003/04-<br>2005/06 |
|---|---------------|-----------|-------------------------------|
|   | 2003/2004     | 2005/2006 |                               |
| Hectáreas de superficie inscrita na DO  | 1.230         | 1.227     | -0,24%                        |
| Número de viticultores da vendima   | 2.905         | 2.909     | 0,14%                         |
| Número de bodegas inscritas na DO   | 96            | 100       | 4,17%                         |
| Total de Hectolitros de viño producido no ano                                     | 17.312        | 19.652    | 13,52%                        |
| Hectolitros de viño exportados  | 432           | 8         | -98,15%                       |
| Valor económico do viño exportado (euros)   | 173.200       | 3.570     | -97,94%                       |
| Prezo medio (euros) por litro de viño exportado                                   | 4,01          | 4,46      | 11,22%                        |
| Hectolitros de viño comercializados no mercado nacional                           | 16.879        | 3.218     | -80,93%                       |
| Valor económico (euros) de viño comercializado no mercado nacional                | 6.751.600     | 1.501.733 | -77,76%                       |
| Prezo medio (euros) por litro do viño comercializado no mercado nacional          | 4             | 4,67      | 16,75%                        |
| Existencias en Bodega o final de campaña (hl.)                                    | 3.875         | 5.070     | 30,84%                        |
| % Existencias en Bodega ó final da campaña sobre o total de viño producido no ano | 22,40%        | 25,80%    | 15,18%                        |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino (2006)

Polo que respecta á D.O Ribeira Sacra aproximouse na campaña 2005/2006 os 20.000 hectolitros de viño producido, experimentando un incremento do 13% respecto á campaña 2003/2004, a pesar de contar praticamente co mesmo número de hectáreas de terreo o de viticultores inscritos na D.O. Nese mesmo período, o máis significativo foi o drástico descenso da producción de viño destinado aos mercados exteriores, que pasou dos 432 hectolitros aos escasos 8 da campaña 05/06. En xeral, experimentouse un importante incremento do prezo medio do litro de viño comercializado, que aumentou en máis dun 11% nos mercados exteriores e en case un 17% nos mercados nacionais.

**Táboa 25 Principais datos por denominación de orixe de Valdeorras (evolución 2003/2004 a 2005/2006)**

| Denominación de orixe<br>Campaña  | VALDEORRAS |           | Variación 2003/04-<br>2005/06 |
|---|------------|-----------|-------------------------------|
|   | 2003/2004  | 2005/2006 |                               |
| Hectáreas de superficie inscrita na DO  | 1.334      | 1.357     | 1,72%                         |
| Número de viticultores da vendima   | 2.021      | 2.037     | 0,79%                         |
| Número de bodegas inscritas na DO   | 38         | 44        | 15,79%                        |
| Total de Hectolitros de viño producido no ano                                     | 32.536     | 32.368    | -0,52%                        |
| Hectolitros de viño exportados  | 304        | 875       | 187,83%                       |
| Valor económico do viño exportado (euros)   | 36.980     | 693.472   | 1.775,26%                     |
| Prezo medio (euros) por litro de viño exportado                                   | 1,22       | 7,92      | 549,18%                       |
| Hectolitros de viño comercializados no mercado nacional                           | 32.535     | 31.495    | -3,20%                        |
| Valor económico (euros) de viño comercializado no mercado nacional                | sen datos  | sen datos |                               |
| Prezo medio (euros) por litro do viño comercializado no mercado nacional          | sen datos  | sen datos |                               |
| Existencias en Bodega o final de campaña (hl.)                                    | 27.640     | 38.315    | 38,62%                        |
| % Existencias en Bodega ó final da campaña sobre o total de viño producido no ano | 85,0%      | 118,4%    | 39,29%                        |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino (2006)

Pola súa banda, a D.O Valdeorras superou lixeiramente na campaña 2005/2006 os 50.000 hectolitros de viño producido, experimentando unha diminución por riba do 35% respecto á campaña 2003/2004, a pesar de contar praticamente co mesmo número de hectáreas de terreo o de viticultores inscritos na D.O. Ese descenso na producción vese reflectido na comercialización de viño tanto no mercado nacional como no exterior, xa que en ambos casos produciuse unha caída aproximada do 20%. En cambio, onde si se aprecia unha distinta evolución é no prezo medio do litro de viño comercializado, xa que mentres nos mercados exteriores o prezo medio incrementouse en case un 22% respecto á campaña 2003/2004 no mercado estatal a variación do prezo tamén estivo en torno ao 22% pero neste caso en sentido negativo.

**Táboa 26 Principais datos por denominación de orixe de Monterrei. (evolución 2003/2004 a 2005/2006)**

| Denominación de orixe<br>Campaña  | MONTERREI |           | Variación 2003/04-<br>2005/06 |
|---|-----------|-----------|-------------------------------|
|   | 2003/2004 | 2005/2006 |                               |
| Hectáreas de superficie inscrita na DO  | 671       | 670       | -0,1%                         |
| Número de viticultores da vendima   | 565       | 583       | 3,2%                          |
| Número de bodegas inscritas na DO   | 14        | 17        | 21,4%                         |
| Total de Hectolitros de viño producido no ano                                     | 2.294     | 4.044     | 76,3%                         |
| Hectolitros de viño exportados  | 23        | 400       | 1.639,1%                      |
| Valor económico do viño exportado (euros)   | 11.635    | 160.000   | 1.275,2%                      |
| Prezo medio (euros) por litro de viño exportado                                   | 5,06      | 4         | -20,9%                        |
| Hectolitros de viño comercializados no mercado nacional                           | 2.272     | 3.644     | 60,4%                         |
| Valor económico (euros) de viño comercializado no mercado nacional                | 1.090.512 | 1.457.600 | 33,7%                         |
| Prezo medio (euros) por litro do viño comercializado no mercado nacional          | 4,8       | 4         | -16,7%                        |
| Existencias en Bodega o final de campaña (hl.)                                    | 2.878     | 5.431     | 88,7%                         |
| % Existencias en Bodega ó final da campaña sobre o total de viño producido no ano | 125,50%   | 134,30%   | 7,0%                          |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino (2006)

A D.O de Monterrei superou na campaña 2005/2006 os 4.000 hectolitros de viño producido, experimentando un incremento do 76% respecto á campaña 2003/2004, a pesar de contar praticamente co mesmo número de hectáreas de terreo o de viticultores inscritos na D.O. Nese mesmo período, o máis significativo foi o incremento da producción de viño destinado aos mercados exteriores, que pasou dos 23 hectolitros aos 400 da campaña 05/06 que se comercializaron por un total de 160.000 euros. En xeral, tanto no mercado nacional como nos mercados exteriores experimentouse unha importante caída do prezo medio do viño comercializado, que baixou ata os 4 euros por litro vendido.

A visión conxunta de todas as D.O. de producción de viño existentes en Galicia permite identificar á D.O. Rías Baixas como a más importante en todas as variables consideradas. Na campaña 2005/2006 esta D.O acaparaba o 35% da superficie total e viticultores, así como o 40% das bodegas inscritas nalgúnha das D.O. En canto a producción, a D.O Rías Baixas representaba máis do 55% dos case 240 mil hectolitros de viño producidos no ano. Polo que respecta á comercialización, dos máis de 21.000 hectolitros exportados polas D.O galegas, as das Rías Baixas supuxeron case un 85% en volume e un 88% do valor total das exportacións, que nesa campaña estivo por riba dos 13 millóns de euros.

Táboa 27 Visión global das actividades vinícolas de Galicia na campaña 2005/2006

| Variables  | TOTALS<br>GALICIA | MONTERREI           |                    | RÍAS BAIXAS           |                    | RIBEIRA SACRA    |                    | RIBEIRO           |                    | VALDEORRAS           |                    |
|--|-------------------|---------------------|--------------------|-----------------------|--------------------|------------------|--------------------|-------------------|--------------------|----------------------|--------------------|
|  |                   | Totais<br>Monterrei | S/TOTAL<br>GALICIA | Totais Rías<br>Baixas | S/TOTAL<br>GALICIA | RIBEIRA<br>SACRA | S/TOTAL<br>GALICIA | Totais<br>Ribeiro | S/TOTAL<br>GALICIA | Totais<br>Valdeorras | S/TOTAL<br>GALICIA |
| Hectáreas de superficie inscrita na DO   | 9.138             | 670                 | 7,33%              | 3.200                 | 35,02%             | 1.227            | 13,43%             | 2.684             | 29,37%             | 1.357                | 14,85%             |
| Número de viticultores da vendima  | 17.824            | 583                 | 3,27%              | 6.307                 | 35,38%             | 2.909            | 16,32%             | 5.988             | 33,60%             | 2.037                | 11,43%             |
| Número de bodegas inscritas na DO  | 453               | 17                  | 3,75%              | 182                   | 40,18%             | 100              | 22,08%             | 110               | 24,28%             | 44                   | 9,71%              |
| Total de Hectolitros de viño producido no ano  | 239.449           | 4.044               | 1,69%              | 132.671               | 55,41%             | 19.652           | 8,21%              | 50.714            | 21,18%             | 32.368               | 13,52%             |
| Hectolitros de viño exportados   | 21.640            | 400                 | 1,85%              | 18.361                | 84,85%             | 8                | 0,04%              | 1.996             | 9,22%              | 875                  | 4,04%              |
| Valor económico do viño exportado (euros)  | 13.056.338        | 160.000             | 1,23%              | 11.497.009            | 88,06%             | 3.570            | 0,03%              | 702.287           | 5,38%              | 693.472              | 5,31%              |
| Hectolitros de viño comercializados no mercado nacional  | 233.054           | 3.644               | 1,56%              | 146.030               | 62,66%             | 3.218            | 1,38%              | 48.667            | 20,88%             | 31.495               | 13,51%             |
| Valor económico (euros) do viño comercializado no mercado nacional<br>(*) excluídas as DO Rías Baixas e Valdeorras | 15.237.100        | 1.457.600           | 9,57%              | Sen datos             | Sen datos          | 1.501.733        | 9,86%              | 12.277.767        | 80,58%             | Sen datos            | Sen datos          |
| Existencias en Bodega o final de campaña (hl.)   | 244.226           | 5.431               | 2,22%              | 90.824                | 37,19%             | 5.070            | 2,08%              | 104.586           | 42,82%             | 38.315               | 15,69%             |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino (2006)

Táboa 28 Producción de augardente en Galicia (2004-2005)

| Augardente                                     | 2004  | 2005                               | Variación<br>2004-05                      |                                    |
|--|---|------------------------------------|---|------------------------------------|
| <b>Produtores subprodutos</b>                  | 102   | 105                                | 2,9%                                      |                                    |
| <b>Destiladores</b>                            | 34  | 34                                 | 0,0%                                      |                                    |
| <b>Envellecedores</b>                          | 14  | 14                                 | 0,0%                                      |                                    |
| <b>Embotelladores</b>                          | 39  | 39                                 | 0,0%                                      |                                    |
| <b>Producción</b><br>(litros de<br>augardente) | Branca<br>Envellecida<br>De herbas<br>Licor café<br>Licor de herbas | 248.470<br>5.455<br>sd<br>sd<br>sd | 169.908<br>3.454<br>220<br>1.715<br>2.358 | -31,6%<br>-36,7%<br>..<br>..<br>.. |

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Agraria. Consellería de Medio Rural

A producción de augardente en Galicia está basicamente concentrada na producción de augardente branca, xa que supón máis do 95% da producción total en 2005, a pesares do descenso do 31,6% respecto ao volume producido no ano anterior. En canto ao número de produtores de subprodutos, destiladores, envellecedores e embotelladores, apreciase unha grande estabilidade, con escasa variación entre o 2004 e o 2005.

Respecto aos datos económico-financeiros destas actividades, apreciase que a industria de alimentación animal é a que, en conxunto, presenta unha situación más favorable, sendo a subactividade que mellores resultados presenta en canto a ingresos de explotación, volume de activos, fondos propios, valor engadido ou resultados de explotación. En termos comparativos coas demais subactividades agrícolas e gandeiras, a industria de alimentación animal está composta por un reducido número de empresas pero con unha dimensión media maior ao resto de actividades da cadea.

Outra subactividade con variables económico-financeiras en xeral mellores que o conxunto da cadea é a industria cárnica. Así, sen chegar ao nivel da industria de alimentación animal, presenta datos favorables en canto a ingresos de explotación, activos, fondos propios e valor engadido.

Por outra banda, as actividades primarias (agrícolas e gandeiras) son as que presentan en xeral peores resultados económico-financeiros, así como as da industria de produtos de moenda, pan e pastelería. Nesta última subactividade, cun elevado grado de atomización empresarial e reducida dimensión media das empresas en canto a activos ou cifra de negocio, en cambio é destacable o elevado valor engadido que xeran, que lles permite obter unhas taxas de rendibilidade económica e financeira superior ao conxunto das actividades da cadea.

**Táboa 29 Principais variables económico- financeiras dunha mostraxe de empresas das actividades empresariais de agricultura, gandería e os seus transformados (2007)**

| VARIABLES                                 | Actividades Agrícolas | Actividades Gandeiras | Industria de elaboración de bebidas | Industria produtos moenda, fariñas, pan, pastelería, e bollería industrial | Industria Cárnicia | Industria láctea | Outra industria derivadas da agricultura e gandería | Industria de alimentación animal | TOTAL CADEA AGRIC, GANDEIRÍA E TRANSFORMADOS |
|---|-----------------------|-----------------------|-------------------------------------|--|--------------------|------------------|---|----------------------------------|--|
| MEDIANA INGRESOS EXPLOTACIÓN (mil eur)    | 199,47                | 264,97                | 304,87                              | 253,92   | 895,99             | 593,92           | 574,29  | 1.993,83                         | 296,60                                       |
| MEDIANA TOTAL ACTIVO (mil eur)            | 299,01                | 350,74                | 874,61                              | 164,61   | 675,27             | 656,56           | 865,58  | 989,49                           | 347,56                                       |
| MEDIANA FONDOS PROPIOS (mil eur)          | 25,97                 | 79,87                 | 192,38                              | 35,98  | 133,86             | 208,44           | 171,91  | 353,08                           | 65,82  |
| MEDIANA NÚMERO EMPREGADOS                 | 4,00                  | 3,00                  | 4,00                                | 6,00   | 9,00               | 5,00             | 9,00  | 10,00                            | 5,00   |
| MEDIANA VALOR ENGADIDO (mil eur)          | 88,16                 | 67,63                 | 81,00                               | 118,70   | 213,78             | 110,34           | 177,64  | 302,90                           | 102,33                                       |
| MEDIANA RESULTADOS DO EXERCICIO (mil eur) | 2,54                  | 2,62                  | 2,92                                | 2,57   | 8,64               | -9,00            | 3,72  | 13,96                            | 2,88   |
| MEDIANA RESULTADO EXPLOTACIÓN (mil eur)   | 5,84                  | 4,40                  | 4,62                                | 5,26   | 10,12              | 0,31             | 8,69  | 27,92                            | 5,41   |
| MEDIANA MARXE DE EXPLOTACIÓN              | 2,8%                  | 2,2%                  | 1,7%                                | 2,3%   | 1,5%               | -0,7%            | 2,1%  | 2,0%                             | 2,1%   |
| MEDIANA ROTACIÓN ACTIVOS                  | 0,74                  | 0,77                  | 0,39                                | 1,70   | 1,59               | 1,65             | 0,79  | 2,00                             | 1,02   |
| MEDIANA RENDIBILIDADE ECONÓMICA           | 2,0%                  | 1,6%                  | 1,4%                                | 3,8%   | 2,4%               | -1,4%            | 1,7%  | 4,6%                             | 2,3%   |
| MEDIANA RENDIBILIDADE FINANCIERA          | 10,6%                 | 5,6%                  | 5,1%                                | 7,0%   | 5,5%               | 4,1%             | 4,0%  | 6,4%                             | 6,6%   |
| NÚMERO DE EMPRESAS ANALIZADAS             | 187                   | 245                   | 223                                 | 382  | 124                | 40               | 76  | 32                               | 1.309  |

Fonte: elaboración propia a partir de datos de SABI

## 4 A cadea de actividades empresariais de pesca-acuicultura-marisqueo e produtos transformados do mar

### 4.1 Actividades extractivas de pesca, marisqueo e acuicultura

O conxunto das actividades extractivas de pesca, marisqueo e acuicultura xeraron en Galicia en 2007 un volume de negocio aproximado de 857 millóns de euros, dando emprego directo a case 25.000 persoas, o que da idea da importancia que este elo da cadea de pesca e produtos transformados do mar ten no territorio autonómico.

**Táboa 30 Principais datos das actividades de pesca extractiva, marisqueo e acuicultura en Galicia en 2007**

| Pesca extractiva, marisqueo e acuicultura |  | 2007   |
|---|--|--------|
| <b>Nº empregos</b>                        |  | 24.534 |
| <b>Cifra de negocio (millóns de €)</b>    |  | 857    |

Fonte: elaboración propia a partir de datos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

#### 4.1.1 Pesca e marisqueo

Atendendo ao valor en primeira venda da pesca fresca capturada nos distintos portos galegos, no ano 2006 o porto de Vigo era o de maior importancia, representando case o 36% do valor total da pesca capturada en Galicia en 2006 que superou os 536 millóns de euros. O conxunto dos portos xestionados pola Administración do Estado supuxeron ese ano aproximadamente un 56% do total, mentres que o restante 44% foi comercializado en primeira venda na rede de portos administrados pola propia Comunidade Autónoma.

**Táboa 31 Evolución en Galicia do valor (miles de €) en primeira venda da pesca fresca capturada segundo a tipoloxía de portos (2002-2006)**

| Portos                                    | 2002           | 2006           | Variación 02/06 |
|---|----------------|----------------|-----------------|
| <b>Portos da Administración do Estado</b> | 264.488        | 302.923        | 14,53%          |
| A Coruña                                  | 93.580         | 101.506        | 8,47%           |
| Ferrol - San Cibrao                       | 233            | 804            | 245,06%         |
| Marín - Pontevedra                        | 16.522         | 8.772          | -46,91%         |
| Vigo                                      | 154.152        | 191.841        | 24,45%          |
| Vilagarcía de Arousa                      | 0              | 0              | 0,00%           |
| <b>Portos da comunidade autónoma</b>      | 190.677        | 233.608        | 22,52%          |
| <b>Total portos galegos</b>               | <b>455.165</b> | <b>536.531</b> | <b>17,88%</b>   |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

En canto á evolución entre 2002 e 2006 destaca o incremento experimentado polo porto de Ferrol-San Cibrao, se ben con un peso moi pouco relevante sobre o total. En cambio, tanto o porto de Vigo como o conxunto de portos da Comunidade Autónoma, alcanzaron aumentos do valor en primeira venda entre o 20% e o 25%.

**Táboa 32 Evolución da pesca capturada (toneladas) en Galicia segundo a tipoloxía de portos (2002-2006)**

|   | 2002          |              |                |                    |                | 2006         |                |                |                    |                |
|---|---------------|--------------|----------------|--------------------|----------------|--------------|----------------|----------------|--------------------|----------------|
|   | Pesca fresca  |              |                | Pesca<br>conxelada | Pesca<br>total | Pesca fresca |                |                | Pesca<br>conxelada | Pesca<br>total |
|   | Moluscos      | Crustáceos   | Peixes         |                    |                | Moluscos     | Crustáceos     | Peixes         |                    |                |
| <b>Portos da Admistración do Estado</b> | 41.348        | 1.651        | 69.202         | 268.703            | 380.904        | 1.115        | 80.808         | 125.473        | ..                 | ..             |
| <b>A Coruña</b>                         | 1.182         | 753          | 23.499         | 0                  | 25.434         | 0            | 30.752         | 30.757         | ..                 | ..             |
| <b>Ferrol - San Cibrao</b>              | 0             | 2            | 149            | 0                  | 151            | 2            | 157            | 159            | ..                 | ..             |
| <b>Marín - Pontevedra</b>               | 0             | 73           | 6.362          | 124.366            | 130.801        | 46           | 4.323          | 4.369          | ..                 | ..             |
| <b>Vigo</b>                             | 40.166        | 823          | 39.192         | 90.361             | 170.542        | 1.067        | 45.576         | 90.188         | ..                 | ..             |
| <b>Vilagarcía de Arousa</b>             | 0             | 0            | 0              | 53.976             | 53.976         | 0            | 0              | 0              | ..                 | ..             |
| <b>Portos da Comunidade Autónoma</b>    | 23.582        | 7.240        | 223.810        | 214.616            | 469.248        | 759          | 91.719         | 102.152        | 169.764            | 364.394        |
| <b>Total portos galegos</b>             | <b>64.930</b> | <b>8.891</b> | <b>293.012</b> | <b>483.319</b>     | <b>850.575</b> | <b>1.874</b> | <b>172.527</b> | <b>227.625</b> | <b>169.764</b>     | <b>364.394</b> |

\*(..) Dato desagregado non dispoñible no IGE

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A análise do peso da pesca capturada (en toneladas) por tipoloxías e especies reflicte que nos portos de Galicia existe un importante equilibrio no reparto entre pesca fresca e conxelada. Polo que respecta á pesca fresca, os peixes son os que acaparan una maior parte da pesca capturada, sendo o porto de Vigo e a rede de portos administrados a nivel autonómico os que mais peso teñen. En canto á pesca conxelada, aínda que non hai datos estatísticos publicados sobre as capturas pertencentes a portos do Estado no 2006, supoñendo que se manteña a proporción reflectida no 2002, o porto de Marín é o que maior grado de especialización acada neste tipo de especies de pesca, xa que más do 95% das súas capturas en 2002 eran de pesca conxelada. Os portos xestionados pola Comunidade Autónoma tamén teñen un importante peso sobre o total da pesca conxelada capturada.

**Táboa 33 Evolución da pesca fresca por grandes grupos/especies en Galicia, 2005-2007**

| Grandes grupos/especies    | 2005               |                    |                    | 2007               |                    |                    | Variación 2005-2007 |               |                    |
|----------------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|---------------------|---------------|--------------------|
|                            | Kg                 | €                  | Prezo medio (€/kg) | Kg                 | €                  | Prezo medio (€/kg) | Kg                  | €             | Prezo medio (€/kg) |
| <b>Algas</b>               | 45.282             | 29.340             | 0,65               | 89.358             | 70.356             | 0,79               | 97,34%              | 139,80%       | 21,52%             |
| <b>Bivalvos</b>            | 8.641.589          | 62.918.610         | 7,28               | 10.282.715         | 74.619.909         | 7,26               | 18,99%              | 18,60%        | -0,33%             |
| <b>Cefalópodos</b>         | 8.643.637          | 20.654.121         | 2,39               | 9.668.401          | 26.030.221         | 2,69               | 11,86%              | 26,03%        | 12,67%             |
| <b>Crustáceos</b>          | 2.412.364          | 38.333.372         | 15,89              | 1.809.534          | 34.629.141         | 19,14              | -24,99%             | -9,66%        | 20,43%             |
| <b>Equinodermos</b>        | 764.889            | 1.250.501          | 1,63               | 701.782            | 1.698.607          | 2,42               | -8,25%              | 35,83%        | 48,05%             |
| <b>Gasterópodos</b>        | 7.129              | 18.585             | 2,61               | 12.939             | 28.871             | 2,23               | 81,50%              | 55,35%        | -14,41%            |
| <b>Peixes</b>              | 141.177.789        | 288.801.336        | 2,05               | 149.562.191        | 325.649.031        | 2,18               | 5,94%               | 12,76%        | 6,44%              |
| <b>Poliquetos</b>          | 52                 | 5.926              | 113,96             | 1.310              | 33.335             | 25,45              | 2419,23%            | 462,52%       | -77,67%            |
| <b>Resto das descargas</b> | 150.628            | 546.810            | 3,63               | 120.566            | 670.479            | 5,56               | -19,96%             | 22,62%        | 53,19%             |
| <b>TOTAL</b>               | <b>161.843.359</b> | <b>412.558.602</b> | <b>2,55</b>        | <b>172.248.795</b> | <b>463.429.950</b> | <b>2,69</b>        | <b>6,43%</b>        | <b>12,33%</b> | <b>5,54%</b>       |

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de pesca. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. 2007

A case de 172.249 toneladas de pesca fresca descargadas en Galicia en 2007 alcanzaron un valor total por riba dos 463 millóns de euros, sendo a partida de peixes a mais importante tanto en volume (87% do total) como en valor económico (70% do total), se ben tamén é unha das que menor prezo medio por kg ten de todos grupos ou especies desembarcadas. Nese sentido os poliquetos (fundamentalmente son especies como a miñoca e outras especies usadas como cebo na pesca e non como alimento para os humanos) e os crustáceos (nécoras, centolas, percebes,...) son os que maior valor unitario teñen, acadando nese ano un prezo medio de 25,45 e 19,14 €, respectivamente para o conxunto de Galicia.

A variación no período 2005-2007 indica que se produciu un certo descenso no volume de capturas de crustáceos, que contribuíu a incrementar en mais dun 20% o seu prezo medio, o que fixo que a redución do valor económico das capturas no fose tan significativo. Os maiores incrementos nos prezos medios déronse no grupo dos equinodermos (ourizos e estrelas de mar,...), mentres que polo contrario o maior descenso sufrírono os poliquetos, debido ao significativo aumento do volume total descargado nese período, superior ao 2.400%.

**Táboa 34 Lonxas más importantes de Galicia segundo o maior volume en kg, 2007**

| Lonxas                        | kg                 | %             | €                  | %             | €/kg        |
|-------------------------------|--------------------|---------------|--------------------|---------------|-------------|
| Vigo (Asoc. Vendedores)       | 34.150.301         | 19,83%        | 102.366.512        | 22,09%        | 3,00        |
| Ribeira                       | 30.530.564         | 17,72%        | 36.740.879         | 7,93%         | 1,20        |
| A Coruña (Lonxa Coruña, S.A.) | 25.747.091         | 14,95%        | 89.851.827         | 19,39%        | 3,49        |
| Burela                        | 20.567.358         | 11,94%        | 51.898.833         | 11,20%        | 2,52        |
| Celeiro                       | 19.916.690         | 11,56%        | 47.495.941         | 10,25%        | 2,38        |
| Portosín                      | 7.272.735          | 4,22%         | 3.588.863          | 0,77%         | 0,49        |
| Camariñas                     | 3.497.334          | 2,03%         | 3.619.560          | 0,78%         | 1,03        |
| Muros                         | 3.145.082          | 1,83%         | 4.821.114          | 1,04%         | 1,53        |
| Sada                          | 2.934.289          | 1,70%         | 1.809.981          | 0,39%         | 0,62        |
| Noia                          | 2.229.543          | 1,29%         | 13.214.807         | 2,85%         | 5,93        |
| Portonovo                     | 2.174.929          | 1,26%         | 2.433.270          | 0,53%         | 1,12        |
| Malpica                       | 1.864.331          | 1,08%         | 4.503.888          | 0,97%         | 2,42        |
| Marín (San Miguel)            | 1.827.524          | 1,06%         | 3.198.198          | 0,69%         | 1,75        |
| Cambados                      | 1.505.728          | 0,87%         | 7.389.599          | 1,59%         | 4,91        |
| Cariño                        | 1.195.313          | 0,69%         | 1.672.244          | 0,36%         | 1,40        |
| Carril                        | 1.157.854          | 0,67%         | 5.385.713          | 1,16%         | 4,65        |
| Marín (Pescados Touza)        | 1.102.510          | 0,64%         | 3.160.905          | 0,68%         | 2,87        |
| Vigo (J. Cabaleiro)           | 1.071.884          | 0,62%         | 3.254.778          | 0,70%         | 3,04        |
| Cedeira                       | 956.370            | 0,56%         | 7.676.598          | 1,66%         | 8,03        |
| Bueu                          | 870.175            | 0,51%         | 3.354.788          | 0,72%         | 3,86        |
| Outras lonxas                 | 8.531.190          | 4,95%         | 65.991.652         | 14,24%        | 7,74        |
| <b>TOTAL</b>                  | <b>172.248.795</b> | <b>100,0%</b> | <b>463.429.950</b> | <b>100,0%</b> | <b>2,69</b> |

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de pesca. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. 2007

As lonxas ademais de ser o primeiro punto na rede de comercialización dos produtos do mar e o punto onde se contabilizan as descargas diarias de peixes, crustáceos e outras especies mariñas. A nivel autonómico a lonxa de Vigo da asociación de vendedores acaparaba en 2007 case o 20% do volume de descargas e algo mais do 22% do valor económico da súa primeira comercialización.

En termos de volume de descargas, lle seguen, por orde de importancia, as lonxas de Ribeira, A Coruña, Burela e Celeiro (todas por enriba do 10% do total). En cambio, atendendo ao valor económico da primeira venda, a lonxa de Ribeira perde peso, xa que a pesar de supoñer case o 18% do volume de capturas descargadas non chega a representar o 8% en valor económico. Pola súa banda, o porto de A Coruña acada mais do 19% do valor total das descargas con apenas o 15% das mesmas en volume. Os portos de Burela e Celeiro manteñen un peso similar sobre o total tanto en canto a volume como en canto a valor económico, oscilando entre o 10 e o 12%.

**Táboa 35 Evolución da pesca fresca en Galicia por zonas de producción, 2005-2007**

| Zonas de producción        | 2005               |                    | 2007               |                    | Variación 05-07 |               |
|----------------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|-----------------|---------------|
|                            | kg                 | €                  | kg                 | €                  | kg              | €             |
| Zona I - Vigo              | 33.876.440         | 102.696.630        | 37.653.067         | 123.605.470        | 11,15%          | 20,36%        |
| Zona II - Pontevedra       | 6.427.760          | 20.421.232         | 6.348.128          | 15.205.314         | -1,24%          | -25,54%       |
| Zona III - Arousa          | 35.174.926         | 67.442.244         | 37.241.493         | 84.987.601         | 5,88%           | 26,02%        |
| Zona IV - Muros            | 10.273.087         | 20.005.256         | 12.749.344         | 22.053.561         | 24,10%          | 10,24%        |
| Zona V - Fisterra          | 647.887            | 2.990.836          | 747.253            | 3.389.859          | 15,34%          | 13,34%        |
| Zona VI - Costa da Morte   | 7.342.266          | 10.760.352         | 5.811.398          | 10.764.970         | -20,85%         | 0,04%         |
| Zona VII - A Coruña-Ferrol | 28.951.383         | 88.556.321         | 28.913.552         | 93.572.106         | -0,13%          | 5,66%         |
| Zona VIII - Cedeira        | 2.706.774          | 10.156.256         | 2.167.814          | 9.452.179          | -19,91%         | -6,93%        |
| Zona IX - Mariña           | 36.442.836         | 89.529.475         | 40.616.747         | 100.398.889        | 11,45%          | 12,14%        |
| <b>TOTAL</b>               | <b>161.843.359</b> | <b>412.558.602</b> | <b>172.248.795</b> | <b>463.429.950</b> | <b>6,43%</b>    | <b>12,33%</b> |

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de pesca. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. 2007

A análise dos datos de xeito agrupado por zonas amosa que existen 4 zonas de producción principais en Galicia, que son Vigo, Arousa, A Coruña-Ferrol e A Mariña. Nelas céntrase case o 84% da producción en volume e case o 87% en valor económico. En particular, a zona de Vigo, representando case o 22% do volume total a nivel autonómico en 2007 (moi similar ou inferior a outras zonas como Arousa ou A Mariña), foi a que mais peso tivo en termos económicos, supoñendo máis do 26% do total.

**Táboa 36 Principais especies obtidas no marisqueo en Galicia en 2007**

| Especie          | Volume            |                | Valor económico   |                |
|------------------|-------------------|----------------|-------------------|----------------|
|                  | Kgs.              | %              | €                 | %              |
| Ameixa babosa    | 945.202           | 9,19%          | 14.211.993        | 19,05%         |
| Ameixa bicuda    | 31.155            | 0,30%          | 180.698           | 0,24%          |
| Ameixa fina      | 662.236           | 6,44%          | 16.146.899        | 21,64%         |
| Ameixa rubia     | 714.963           | 6,95%          | 5.348.397         | 7,17%          |
| Ameixa xaponesa  | 1.941.258         | 18,88%         | 14.637.105        | 19,62%         |
| Berberecho       | 4.708.549         | 45,79%         | 17.627.403        | 23,62%         |
| Cadelucha        | 15.801            | 0,15%          | 498.267           | 0,67%          |
| Carneiro         | 63.368            | 0,62%          | 429.831           | 0,58%          |
| Cornicha         | 10.382            | 0,10%          | 78.752            | 0,11%          |
| Longueirón       | 53.771            | 0,52%          | 607.923           | 0,81%          |
| Longueirón vello | 106               | 0,00%          | 531               | 0,00%          |
| Mexilla          | 172.636           | 1,68%          | 171.353           | 0,23%          |
| Navalla          | 213.782           | 2,08%          | 2.886.164         | 3,87%          |
| Ostra            | 9.770             | 0,10%          | 46.552            | 0,06%          |
| Rabioso          | 39.434            | 0,38%          | 34.318            | 0,05%          |
| Reló             | 66.794            | 0,65%          | 175.167           | 0,23%          |
| Vieira           | 226.287           | 2,20%          | 884.677           | 1,19%          |
| Volandeira       | 407.222           | 3,96%          | 693.884           | 0,93%          |
| <b>TOTAL</b>     | <b>10.282.715</b> | <b>100,00%</b> | <b>74.619.912</b> | <b>100,00%</b> |

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de pesca. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. 2007

Polo que respecta ás actividades de marisqueo en Galicia (ver Táboa 36), no ano 2007 obtivérонse a nivel autonómico 10.283 toneladas que se comercializán por un valor total de case 75 millóns de euros. Debe facerse notar que esta táboa tan

só recolle os datos destas especies obtidas nas actividades de marisqueo, atopándose na Táboa 37 os datos correspondentes a algunas producións que se obteñen en explotacións acuícolas (como é o caso da ameixa, por exemplo). Por especies, o berberecho foi o que maior peso tivo en canto a volume obtido, xa que supuxo máis do 45% do total das especies obtidas a través do marisqueo, se ben en canto a valor económico o seu peso redúcese por debaixo do 24%. En cambio, tanto a ameixa fina como a ameixa babosa, ven como o seu peso en canto a valor económico dos produtos obtidos increméntase de xeito notable en relación co volume que representa no total da producción marisqueira galega. Ademais, a ameixa xaponesa mantén unha mesma proporción en termos de volume e valor económico respecto ao total de Galicia, aproximándose ao 20% sobre ese total a nivel autonómico.

#### 4.1.2 Acuicultura

Táboa 37 Evolución da producción das principais especies acuícolas de Galicia, 2005-2007

| Tipoloxía                            | 2005               |                    |             | 2007               |                    |             | Variación 2005-2007 |               |              |
|--------------------------------------|--------------------|--------------------|-------------|--------------------|--------------------|-------------|---------------------|---------------|--------------|
|                                      | kg                 | €                  | (€/kg)      | kg                 | €                  | (€/kg)      | kg                  | €             | (€/kg)       |
| <b>ALGAS</b>                         | -                  | -                  | -           | 11.100             | 8.410              | 0,76        | -                   | -             | -            |
| <b>Argazo real</b>                   | -                  | -                  | -           | 9.000              | 6.750              | 0,75        | -                   | -             | -            |
| <b>Golfo</b>                         | -                  | -                  | -           | 2.100              | 1.660              | 0,79        | -                   | -             | -            |
| <b>BIVALVOS</b>                      | 210.414.299        | 124.665.639        | 0,59        | 215.468.920        | 132.062.626        | 0,61        | 2,40%               | 5,93%         | 3,45%        |
| <b>Ameixa babosa</b>                 | 268.694            | 3.019.498          | 11,24       | 171.891            | 2.202.191          | 12,81       | -36,03%             | -27,07%       | 14,01%       |
| <b>Ameixa fina</b>                   | 185.628            | 4.779.632          | 25,75       | 265.085            | 4.850.278          | 18,30       | 42,80%              | 1,48%         | -28,94%      |
| <b>Ameixa xaponesa</b>               | 1.342.594          | 7.991.947          | 5,95        | 1.476.321          | 10.298.696         | 6,98        | 9,96%               | 28,86%        | 17,19%       |
| <b>Berberecho</b>                    | 508.855            | 1.332.634          | 2,62        | 1.131.057          | 2.977.842          | 2,63        | 122,27%             | 123,46%       | 0,53%        |
| <b>Mexillón</b>                      | 205.226.965        | 97.847.622         | 0,48        | 208.186.792        | 97.708.636         | 0,47        | 1,44%               | -0,14%        | -1,56%       |
| <b>Mexillón (parques de cultivo)</b> | 28.983             | 27.800             | 0,96        | 21.608             | 30.538             | 1,41        | -25,45%             | 9,85%         | 47,34%       |
| <b>Ostra plana</b>                   | 2.608.581          | 9.351.001          | 3,58        | 3.196.151          | 12.169.291         | 3,81        | 22,52%              | 30,14%        | 6,21%        |
| <b>Ostra rizada</b>                  | 244.000            | 315.505            | 1,29        | 1.014.605          | 1.801.011          | 1,78        | 315,82%             | 470,83%       | 37,28%       |
| <b>Volandeira</b>                    | -                  | -                  | -           | 1.280              | 3.960              | 3,09        | -                   | -             | -            |
| <b>Zamburiña</b>                     | -                  | -                  | -           | 4.130              | 20.183             | 4,89        | -                   | -             | -            |
| <b>CEFALÓPODOS</b>                   | 15.799             | 104.465            | 6,61        | 24.663             | 145.131            | 5,88        | 56,10%              | 38,93%        | -11,00%      |
| <b>Polbo</b>                         | 15.799             | 104.465            | 6,61        | 24.663             | 145.131            | 5,88        | 56,10%              | 38,93%        | -11,00%      |
| <b>PEIXES</b>                        | 5.032.873          | 41.819.567         | 8,31        | 5.940.778          | 51.717.218         | 8,71        | 18,04%              | 23,67%        | 4,77%        |
| <b>Abadexo</b>                       | 152                | 300                | 1,97        | 39.660             | 124.765            | 3,15        | 25.992,11%          | 41.488,33%    | 59,39%       |
| <b>Linguado</b>                      | 8.000              | 80.000             | 10,00       | 40.332             | 488.798            | 12,12       | 404,15%             | 511,00%       | 21,19%       |
| <b>Ollomol</b>                       | 117.840            | 965.989            | 8,20        | 195.349            | 1.764.167          | 9,03        | 65,77%              | 82,63%        | 10,17%       |
| <b>Rodaballo</b>                     | 4.901.681          | 40.742.078         | 8,31        | 5.665.437          | 49.339.487         | 8,71        | 15,58%              | 21,10%        | 4,78%        |
| <b>TOTAL</b>                         | <b>215.462.971</b> | <b>166.589.671</b> | <b>0,77</b> | <b>221.445.461</b> | <b>183.933.384</b> | <b>0,83</b> | <b>2,78%</b>        | <b>10,41%</b> | <b>7,43%</b> |

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de pesca. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. 2007

Con respecto á producción acuícola (ver Táboa 37), hai que mencionar que existen especies que son producidas tanto en explotacións acuícolas como en marisqueo (ver Táboa 36), como pode ser o caso de bivalvos como algúns tipos de

ameixas e as ostras, motivo polo cal están separados os datos en cadansúa táboa. Polo tanto, para coñecer o dato de producción total de especies que tanto se obteñen a través do marisqueo como de producións acuícolas, deben sumarse (caso das mencionadas ameixas, por exemplo).

A produción acuícola en Galicia en 2007 superou as 221.000 toneladas en volume, que acadaron un valor de mercado de case 184 millóns de euros, valor un 10% superior ao comercializado en 2005, ano respecto ao que o incremento en volume foi de algo menos do 3%.

Na tipoloxía de especies cultivadas nas instalacións acuícolas galegas, as algas e os cefalópodos son os que menor grao de desenvolvemento teñen. Polo contrario, os bivalvos, entre os que destacan os mexillóns e, en menor media, as ostras planas, son o tipo de especies mais cultivadas. Así, en 2007 os bivalvos supoñían máis do 97% da produción acuícola galega en volume áinda que únicamente representaban o 72% en valor económico, mentres que a produción de peixes (principalmente rodaballo), que só supoñían o 2,7% do volume, chegaron a alcanzar o 28% do valor económico total da produción acuícola.

Respecto á variación entre 2005 e 2007 apréciase unha crecente tendencia á diversificación da produción acuícola galega, na que novas especies de bivalvos (berberecho, ostra rizada,...), peixes (abadexo, linguado, ollomol,...), cefalópodos (polbo) e algas (argazo real, golfo,...) teñen experimentado un considerable incremento en canto a volume de produción.

**Táboa 38 Nº de instalacións acuícolas existentes en Galicia en 2007**

| ÁREA                      | 2007         |
|---------------------------|--------------|
| <b>Bateas</b>             | <b>3.515</b> |
| Mexillón                  | 3.337        |
| Ostra                     | 107          |
| Policultivos              | 71           |
| <b>Granxas mariñas</b>    | <b>22</b>    |
| Peixes planos             | 20           |
| Moluscos                  | 2            |
| <b>Criadeiros</b>         | <b>17</b>    |
| Peixes planos             | 7            |
| Moluscos                  | 10           |
| <b>Parques de cultivo</b> | <b>1.190</b> |

Fonte: elaboración propia a partir de datos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

Entre as instalacións acuícolas existentes en Galicia en 2007, destacan as máis de 3500 bateas, na súa maioría dedicadas á producción de mexillón. Así mesmo, a nivel autonómico existen case 1200 parques de cultivo. A todos eles únense as 22 granxas mariñas e 17 criadeiros de peixes planos e moluscos.

Táboa 39 Evolución do número de establecementos acuícolas de Galicia, 2003-2007

| Tipo establecimiento  | Tipo instalación                           | 2003   | 2007   | Variación 2003-2007 |
|-----------------------|--|--------|--------|---------------------|
| En terra firme        | Tanques (sobre o nivel do solo)            | 5.195  | 6.248  | 20,27%              |
|                       | Estanques (debaixo nivel do solo)          | 1.438  | 1.440  | 0,14%               |
|                       | Outros (especificar) en terra firme        | -      | -      | -                   |
| En enclaves naturais  | Salinas (esteros, etc.)                    | -      | -      | -                   |
|                       | Marismas e albuferas                       | -      | -      | -                   |
|                       | Charcas e pequenos embalses                | -      | -      | -                   |
|                       | Lagos e lagoas                             | -      | -      | -                   |
| De cultivo horizontal | Parques de cultivo                         | 1.283  | 1.345  | 4,83%               |
|                       | Bancos naturais cultivados                 | 38     | 45     | 18,42%              |
|                       | Mesas e outros sobrevoados                 | 1.316  | 802    | -39,06%             |
|                       | Outros (especificar) de cultivo horizontal | -      | -      | -                   |
| De cultivo vertical   | Bateas flotantes                           | 3.579  | 3.580  | 0,03%               |
|                       | Bateas fixas                               | -      | -      | -                   |
|                       | Long-line                                  | -      | 51     |                     |
| De cultivo en gaiolas | Flotantes                                  | 570    | 878    | 54,04%              |
|                       | Somexidas                                  | 8      | --     | --                  |
| Total                 | Total                                      | 13.427 | 14.389 | 7,16%               |

Fonte: elaboración propia a partir da enquisa de establecementos de acuicultura. Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

Os establecementos acuícolas más numerosos son os que se atopan en terra firme, como tanques e estanques, supoñendo algo más do 50% do total de instalacións existentes no conxunto do territorio galego en 2007. Xunto a este tipo de establecementos o outro tipo con maior presenza en Galicia son as bateas flotantes (establecementos de cultivo vertical).

Por outra banda é destacable a evolución experimentada entre 2003 e 2007 polo número de instalacións de cultivo en gaiola. Así, mentres as flotantes incrementáronse en más dun 50% nese período, as 8 instalacións somerxidas que existían en 2003 xa non estaban operativas en 2007.

**Táboa 40 Evolución do emprego masculino en Galicia segundo o tipo de establecemento acuícola, (2003-2007)**

| Tipo establecemento   | 2003      |            |            | 2007      |            |            | Variación 2003-2007 |            |            |
|-----------------------|-----------|------------|------------|-----------|------------|------------|---------------------|------------|------------|
|                       | Nº Horas  | Nº Pessoas | Nº de UTA* | Nº Horas  | Nº Pessoas | Nº de UTA* | Nº Horas            | Nº Pessoas | Nº de UTA* |
| En terra firme        | 705.424   | 430        | 400        | 802.832   | 489        | 452        | 13,81%              | 13,72%     | 12,78%     |
| De cultivo horizontal | 1.201.667 | 1.144      | 682        | 1.571.367 | 3.278      | 884        | 30,77%              | 186,54%    | 29,59%     |
| De cultivo vertical   | 4.512.199 | 10.044     | 2.563      | 3.929.317 | 10.365     | 2.212      | -12,92%             | 3,20%      | -13,70%    |
| De cultivo en gaiolas | 74.296    | 49         | 42         | 80.259    | 85         | 45         | 8,03%               | 73,47%     | 7,06%      |
| Total                 | 6.493.587 | 11.667     | 3.689      | 6.383.776 | 14.217     | 3.594      | -1,69%              | 21,86%     | -2,58%     |

\* Unha UTA (Unidade de Traballo ao Ano) equivale ao traballo que realiza unha persoa a tempo completo ao longo dun ano

Fonte: elaboración propia a partir da enquisa de establecementos de acuicultura. Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

Polo que respecta ao volume de emprego masculino xerado polos establecementos acuícolas en Galicia, en termos xerais, máis de 14.000 homes tiñan un posto de traballo vinculado aos mesmos en 2007, dos cales a maior parte deles desenvólvense en instalacións de cultivo vertical (bateas), se ven en boa parte trátase de traballos a tempo parcial ou temporais en función da época do ano nas que a carga de traballo é más intensa. Por iso, agrupando en UTA's o emprego masculino xerado equivalería a case 3.600 empregos a tempo completo anual. En xeral todas as tipoloxías de establecementos amosan unha crecente tendencia no número de contratacións no período 2003-2007, sendo especialmente significativo o incremento nas instalacións de cultivo horizontal (parques de cultivo,...).

**Táboa 41 Evolución do emprego feminino en Galicia segundo o tipo de establecemento acuícola, (2003-2007))**

| Tipo establecemento   | 2003      |            |           | 2007      |            |           | Variación 2003-2007 |            |           |
|-----------------------|-----------|------------|-----------|-----------|------------|-----------|---------------------|------------|-----------|
|                       | Nº Horas  | Nº Pessoas | Nº de UTA | Nº Horas  | Nº Pessoas | Nº de UTA | Nº Horas            | Nº Pessoas | Nº de UTA |
| En terra firme        | 203.142   | 130        | 115,42    | 350.689   | 235        | 197       | 72,63%              | 80,77%     | 71,08%    |
| De cultivo horizontal | 1.740.540 | 4.680      | 988,94    | 1.343.647 | 6.391      | 756       | -22,80%             | 36,56%     | -23,50%   |
| De cultivo vertical   | 699.799   | 1.875      | 397,61    | 1.051.603 | 2.862      | 592       | 50,27%              | 52,64%     | 48,92%    |
| De cultivo en gaiolas | 578       | 1          | 0,33      | 3.655     | 7          | 2         | 532,35%             | 600,00%    | 524,24%   |
| Total                 | 2.644.059 | 6.686      | 1.502,31  | 2.749.594 | 9.495      | 1.548     | 3,99%               | 42,01%     | 3,05%     |

\* Unha UTA (Unidade de Traballo ao Ano) equivale ao traballo que realiza unha persoa a tempo completo ao longo dun ano

Fonte: elaboración propia a partir da enquisa de establecementos de acuicultura. Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

En canto ao volume de emprego feminino xerado polos establecementos acuícolas en Galicia, case 9.500 mulleres tiñan un posto de traballo vinculado aos mesmos en 2007, dos cales a maior parte deles, ao contrario do que ocorría no caso dos homes, desenvólvense en instalacións de cultivo horizontal. A agrupación das persoas e horas traballadas polo persoal feminino en UTA's, a equivalencia sería de máis de 1.500 empregos anuais a tempo completo. A evolución no período 2003-2007

é positiva en todas as tipoloxías de establecementos, coa excepción dos propios centros de cultivo horizontal, que experimentaron unha lixeira contracción. Nese sentido, e tendo en conta a positiva evolución do emprego masculino neste tipo de instalacións, parece observarse unha tendencia a substituír emprego feminino por masculino nestes establecementos.

**Táboa 42 Evolución do persoal empregado en establecementos acuícolas en Galicia segundo tipoloxía de emprego (2003-2007)**

|              | Tipo de emprego                    | 2003             |               | 2007                |               | Variación 2003-2007 |               |
|--------------|------------------------------------|------------------|---------------|---------------------|---------------|---------------------|---------------|
|              |                                    | Nº Horas         | Nº Pessoas    | Nº Horas            | Nº Pessoas    | Nº Horas            | Nº Pessoas    |
| Homes        | Non asalariados                    | 5.018.880        | 7.030         | 4.212.935           | 8.393         | -16,06%             | 19,39%        |
|              | Administrativos                    | 11.605           | 7             | 23.805              | 31            | 105,13%             | 342,86%       |
|              | Técnicos superiores e medios       | 109.241          | 62            | 120.914             | 101           | 10,69%              | 62,90%        |
|              | Persoal operario especializado     | 222.147          | 130           | 551.174             | 1.797         | 148,11%             | 1282,31%      |
|              | Persoal operario non especializado | 1.123.554        | 4.431         | 1.453.635           | 3.884         | 29,38%              | -12,34%       |
|              | Outros                             | 8.160            | 6             | 21.312              | 12            | 161,18%             | 100,00%       |
| Mulleres     | Non asalariados                    | 2.308.443        | 5.805         | 1.950.500           | 7.438         | -15,51%             | 28,13%        |
|              | Administrativos                    | 27.792           | 17            | 41.574              | 64            | 49,59%              | 276,47%       |
